

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA 27 DE OUTUBRO DE 2014

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, M^a Olga
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luis
Araújo Pereira, Marcos.
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN

Beiro Diz, Pablo (Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de outubro do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Alonso Suárez, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda,

constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno do Concello número 15, convocatoria ordinaria convocada por orde do día do 23 de outubro, en poder das señoras e señores concelleiros, constatamos quórum, ábrese sesión pública e iniciamos a orde día.

PARTE RESOLUTIVA

1(184).- ACTAS ANTERIORES: (SESIÓN ORDINARIA DO 4.09.2014).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria(agosto) do 4 de setembro de 2014.

(185).- INTERVENCIÓN DE D. ELADIO FERNÁNDEZ PÉREZ, COMO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE SAN FRANCISCO, REFERENTE Á SITUACIÓN QUE ESTÁN A VIVIR 73 PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, E AS SÚAS FAMILIAS, ATENDIDAS NO CENTRO OCUPACIONAL. EXPTE. 999/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de outubro de 2014, número 999/1101, D. Eladio Fernández Pérez, presenta escrito solicitando a súa intervención no Pleno.

A PRESIDENCIA: De acordo coa solicitude, ten a palabra D. Eladio Fernández Pérez por un tempo aproximado de cinco minutos para a súa intervención.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Bos días a todos e todas, gracias Sr. Alcalde por permitirme estar aquí hoxe neste Pleno para poder expoñer a situación que viven os nosos

fillos na Asociación San Francisco. Gracias tamén a tódolos concelleiros/as desta Corporación.

Dicirille en primeiro lugar que Asociación San Francisco naceu no ano 1967, co apoio dos Pais Capuchinos, promovida por un grupo de pais fundadores que, como os actuais, tiñamos e queremos un proxecto que garanta a calidade de vida e a estabilidade dos noso fillos.

Nunca, a pesar de que houbo tempos moi difíciles, se viron as persoas con minusvalía intelectual, as súas familias e os traballadores da Asociación San Francisco, tan incomprendidas e marxinadas como coa actual Consellería de Traballo e Benestar.

San Francisco, dende o ano 2009, investiu máis de 800.000 € para adaptar as súas instalacións á normativa, co fin de dar servizo á dependencia. Víñase dende o ano 2007, traballando con varios estudos de arquitectos buscando solucións para adaptar centros de moita antigüidade a unha normativa recente. Os centros de San Francisco teñen máis de 30 anos, temos tres centros e necesitamos moita inversión.

Dos 800.000 € gastados, a Xunta non nos financiou nin un euro, polo que tivemos que xestionalos con axudas da Fundación ONCE, Ministerio de Sanidade Servizos Sociais e Igualdade, Deputación de Pontevedra, Fundacións Barrié, Fundación Áncora, Obras Socias das Caixas e pequenas axudas dos Bancos ademais de fondos propios e, isto non se consegue nun ano nin en dous nin ten tres, senón que se consegue co esforzo de moitas persoas, institucións para poder levar a cabo esta obra que dura moitos anos.

Hoxe, as nosas instalacións contan cun permiso de actividade que nos permite prestar os servizos dentro da legalidade. Os PIAS son estes, por se alguén faille caso ao engano e as mentiras da Sra. Secretaria Xeral e da Conselleira, aquí están os PIAS provisionais, pero son PIAS legais. Por outra lado, tamén temos un contrato que nos permite xestionar os outros dous centros, un contrato que se nos deu tamén con PIAS provisionais, negociado, non un contrato aberto. Unha vez conseguido isto, todo o traballo de adaptación, sobre todo o centro de Coia e conseguido máis de 800.000 euros, a sorpresa nos chega cun desafiuzamento, dos nosos fillos, desafiuzamento da súa "casa", desafiuzamento da súa forma de vivir, o dos postos de traballo que, con moitas dificultades, aínda que a Sra. Conselleira e a

Secretaría Xeral non o entendan pero moitas dificultades déronlles aos nosos técnicos para conseguir que hoxe dominen a súa autonomía. Todo isto lévaos á exclusión social e ao desarraigamento.

Por parte da Consellería tamén houbo unha inxustificada demora na concesión dos PIAS provisionais do Centro Ocupacional, que só foi resolta tras solicitar información do estado deste, porque senón intuímos que a intención da Consellería era non darnos o PIA para poder xustificar a súa asignación a este tempo, escrito onde se lle pide e reclama a concesión do PIA cando vimos que saíamos a un concurso, que está aquí por se alguén de vostedes o quere ver. Engadamos, que a toda esta atrocidade que a Secretaría Xeral e a Consellería levou a cabo con San Francisco, que se modificaron os "pregos de condicións" do contrato, con relación aos que temos nos outros Centros nosos e as demais Asociacións de Galicia.

Non se respecta o establecido no "Mapa Galego de Servizos Sociais", que contemplaba a Área Urbana 7 que é só Vigo, polo tanto modifícase para algúns concellos da Área Metropolitana 4 podan concursar a esta convocatoria. Inclúense concellos dos que non hai ningún usuario, pero isto permite que poidan concursar entidades existentes neles. Non só se modifica a Área 4 para tódolos concellos senón que desa Área 4 quedan fora varios concellos, que casualidade que eses concellos tampouco poidan participar nese concurso.

Pásase a primar algo descoñecido, o compoñente económico da oferta, representando ata un 90% a oferta económica e un 10% as outras actividades, cando en anteriores concursos alcanzaban un 60% como máximo na actividade económica.

Prodúcese un agravio comparativo cos centros que xa ten a Asociación San Francisco en Vigo, pois noutros centros da Comunidade Autónoma se achega un prezo por praza superior ao que se nos asigna a nós, a pesar de que os servizos prestados son os mesmos. Dicirvos que, mentres que no Norte a praza que se financia quítase a concurso por riba dos 2.560 euros e a praza que se quita para San Francisco está en 2460 euros, en centro de día. En centro de gravemente afectados para persoas con grandes necesidades de apoio, no Norte está en 2568 euros, e en Vigo a San Francisco en 2015 euros, non sei que é o que no Norte máis necesitan que necesitamos no Sur.

Como consecuencia disto créanse Minusválidos Intelectuais de primeira, de

segunda e de terceira e algúns con grandes necesidades para poder subsistir. Acaso as persoas con Minusvalía Intelectual non necesitan os mesmos servizos aquí que noutras partes de Galicia? Estase a dar a impresión de que os nosos fillos son unha mera "mercadoría", os trata a Sra. Concelleira e a Sra. Secretaria Xeral como "mercadoría", simplemente por contas, por números, por resultados económicos, non ten en consideración a súa condición humana e de persoa. Non o digo eu dio o informe do Valedor do Pobo que acaba de chegarnos, un informe que desmonta unha por unha tódalas astucias e argumentacións que da sobre todo a Sra. Secretaria Xeral que é a artífice de todo este desaguisado e a Sra. Conselleira.

A verdade é que a nós nos custa pensar e somos conscientes de que moitas persoas así o están facendo, que o Goberno Autonómico e os máximos responsables do Partido Popular de Galicia estean de acordo con todo este proceder. Sabemos e somos conscientes de que hai persoas do Partido Popular que están moi preocupadas por esta situación, pero tamén nos estrañamos que se garden tanto silencio nunha hora na que se afecta ás persoas, estamos estrañados de que non haxa dentro do Partido Popular alguén que abra unha porta de negociación, estamos estrañados de que o silencio e a angustia económica sexa a única estratexia que ten o Partido Popular para pechar San Francisco.

A todo isto volvo recalcar, sei e son consciente e agradezo que hai persoas do Partido Popular que están traballando e que están intentando negociar pero tamén lle digo non lle garanto a ganancia coñecendo as dúas persoas que queren quitar da circulación aos nosos fillos, que queren ocultar as necesidades dos nosos fillos e queren ocultar á sociedade que non vexan aos nosos fillos para que non coñezan as necesidades que eles teñen.

Pero as familias non imos parar, imos estar o mércores no Parlamento, ímoslles pedir a tódolos alcaldes da provincia que teñen persoas con discapacidade na Asociación que nos apoiem, ímoslles pedir a excelentísima Deputación que realice un Pleno, como o que hoxe nos está ofrecendo a Corporación de Vigo, imos seguir, non imos parar, que non pense ninguén, ningún grupo político que imos decaer, que o esquecemento o deixar morrer as cousas, o deixar que se podreza como vulgarmente se di, con San Francisco non o van conseguir.

Díxose, e eu así tamén o defendo, que "a verdadeira grandeza dun pobo se alcanza na medida que a súa administración se abre con xenerosidade e axuda ás clases

marxinadas," no noso caso, a secretaría xeral e a conselleira non fan iso cos nosos fillos, marxínalos, os desocializa e sobre todo non ten en conta os seus dereitos que a delegación da ONU así lle recoñece.

Finalmente, só nos resta, Sr. Alcalde, membros da Corporación, agradecerlle esta oportunidade e o seu beneplácito no tempo que me permitiu tamén poder expoñer aquí esta situación grave e difícil que viven as familias do centro San Francisco. A todos vostedes quérolles pedir para rematar que nos apoiem para que se manteñan as persoas con minusvalía intelectual que están a ser promovidas nos talleres do Centro Ocupacional San Francisco e na súa residencia en Vigo, como ao longo de todos estes anos .

Que non se destrúan os postos de traballo dos profesionais que, con gran capacidade técnica e longa experiencia, demostraron a súa cualificación .

Achéguese a subvención que unida ao copagamento, que iso si o ten moi claro a administración, que facemos ás familias que xa se está asignando na Comunidade Autónoma a outros Centros, que nos dean o mesmo prezo que se lles está pagando a outras organizacións do norte a Vigo, que non dean o mesmo prezo e que nos esixan calidade, prestación de servizos, si, se nos dan cartos que nos esixan pero se non no lo dan polo menos que nos respecten o que os pais e nais de San Francisco estamos traballando polos nosos fillos dende hai máis de 50 anos.

Moitas grazas a todos, gracias Sr. Alcalde.

PRESIDENCIA: Moitas grazas D. Eladio. Pasamos a quenda de grupos.

SRA. VELOSO RÍOS: Brevemente porque creo que a exposición foi o suficientemente clara e contundente para entender de que estamos a falar aquí. Sobre esta cuestión xa falamos no Pleno do mes pasado, nós estamos convencidos, dende o Bloque Nacionalista Galego estamos seguros de que é tal e como se dixo aquí, unha loita que vai continuar porque as persoas que están levando adiante esta loita están xogándose moito, están loitando pola vida dos seus fillos/as, porque non sexan discriminados, porque teñan dereito a ter unha vida plena autónoma e cun mínimo de seguridade como merecemos todos/as, unha vida digna, é simplemente iso o que están reivindicando.

O Bloque Nacionalista Galego vai seguir acompañando nesta loita como fixo dende

o principio, como xa manifestamos no Pleno do mes pasado a través da emenda que presentamos á moción, reclamando que o servizo na Asociación San Francisco, no centro ocupacional se manteña como está, despois de que dentro dunha serie de políticas cada vez máis lesivas, máis agresivas, mesmo violentas e crueis contra as persoas en situación de dependencia, estamos falando das persoas con discapacidades psíquicas pero tamén con discapacidades físicas, persoas maiores, persoas con enfermidades crónicas que están sufrindo constantes recortes por parte da administración autonómica e estatal. Persoas que están perdendo os dereitos básicos, que só poden saír adiante se contan con recursos propios pero que xa non teñen apoios por parte da administración.

Nós entendemos que é unha cuestión de xustiza, que é unha cuestión de dereitos pero ademais tamén é unha cuestión de respecto á vida, neste caso creo que é un exemplo máis que claro de que como se está violando o dereito a ter unha vida digna para persoas da nosa cidade como está acontecendo en todo o país debido a estas accións políticas precisamente de recortes constantes. Estase establecendo unha cidadanía de primeira e unha cidadanía de segunda, sen dereitos, estase sendo realmente crueis con persoas en situación de dependencia, que cada vez contan con menos apoios por parte da administración e coas súas familias. Non podemos esquecer que estamos falando de que na cidade de Vigo hai algo máis dun 10% de persoas que sofren algún tipo de discapacidade. Pero non só estamos falando dun 10% da poboación, que xa é moito, senón de tódalas súas familias que cada día teñen que facer fronte a unha situación cada vez máis dura, e este caso é extremadamente cruel cunha situación na que despois de tantos anos pelexando pola vida dos seus fillos/as, agora os pais e nais vense sen recursos despois dun concurso evidentemente condicionado polo interese, por privatizar un servizo como se está facendo con tódolos servizos públicos, cun prego de condicións feito a medida dunha empresa privada, e que está poñendo en serio perigo a calidade de vida das persoas que agora mesmo están en San Francisco, así que contan co apoio do Bloque Nacionalista Galego e ánimo nesta loita.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Benvido ó presidente da Asociación San Francisco, hai un mes esta concelleira en nome do Partido Socialista presentou unha moción neste Pleno esixindo á Xunta de Galicia que se solucionara o problema que estaba

no Colexio San Francisco. Foi aprobada por tódolos grupos políticos, e espero que nalgún momento a Xunta de Galicia a teña en conta e a lea.

Coñezo a San Francisco dende hai moitos anos, case dende que empezou, coñezo a loita das familias da comunidade que empezou a traballar, a facer algo que non lle oferta ben as institucións, traballa con rapaces/as, non só dende o altruísmo que lle daba o ter a necesidade de atender aos seus fillos, traballaban como auténticos e verdadeiros profesionais. Teño que lembrar que cando empezaron as clases de logopedia e nos colexios públicos daquela non sabían nin o que era, pero San Francisco xa o estaba facendo, San Francisco tiña persoas, todos lembramos a dona Antía Cal, que foi a que nos trouxo aos mestres/as, abriunos os ollos de cara a unha educación diferente, distinta, ben, no Colexio San Francisco traían persoas que estaban en Cataluña facendo un traballo que en Galicia non se facía porque sempre imos a cola. Pero non só iso, senón que o que está demostrando á Xunta de Galicia neste caso é unha insensibilidade tal, é unha forma de mercantilizar, como dicía o Sr. Eladio, de avaliar con criterios económicos ás persoas con discapacidade e vouno dicir ben alto, un goberno que non ten en conta a calidade das persoas polas diferencias que teñan, non merece ter a representatividade popular, non merecen representar ás persoas de boa fe.

Facía alusión o presidente da Asociación San Francisco, ó informe do Valedor e vanme permitir que lles lea algúns parágrafos deste informe, fala da vontade dos usuarios e das súas familias, outras non menos importantes que son, non só vontades senón a estabilidade e especialización no servizo, que non se tivo en conta, a capacidade de integración global, a proximidade, o fomento asociativo previsto nesta lei. O artigo 19 da convención sobre o dereito das persoas con discapacidade sinala ao respecto “dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade”. Os estados parte na presente convención recoñecen o dereito en igualdade de condicións de tódalas persoas con discapacidade a vivir na comunidade, con opcións iguais ás das demais, e achegarán medidas efectivas e pertinentes para facilitar o pleno goce deste dereito polas persoas con discapacidade e a súa plena inclusión e participación na comunidade asegurando en especial que, as persoas con discapacidade teñen a oportunidade de elixir o seu lugar de residencia e onde e con quen vivir en igualdade de condicións cos demais. Para resaltar dúas cousas, primeiro quitar a unha persoa que ten certas dificultades

do seu entorno é condenala, quitar a unha persoa que ten autonomía persoal, como dicía o outro día unha señora, que ven no autobús, que colle o autobús en Canido e vense ao centro de San Francisco e cando chega dálle unha chamada a súa nai e a súa nai queda perfectamente tranquila, levala a un centro non sei a cantos quilómetros de distancia no medio do monte é condenala de por vida. Creo que é unha inmoralidade, unha irresponsabilidade e un goberno que consiste isto, repito, non merece gobernas ás persoas de boa fe. Repítollo á Asociación San Francisco en nome do Grupo Socialista e co seu Alcalde a cabeza, que dende o primeiro momento estivo ao fronte, que ten todo o noso apoio.

SR. FIGUEROA VILA: En primeiro lugar, agradecer ao Sr. Eladio pola exposición que fixo como representante de San Francisco, creo que nós estamos intentando facer un traballo ante a administración que tomou esta decisión a Xunta de Galicia dende as últimas semanas, meses dende que nos decatamos desta proposta, e creo que as cousas as veces poden ir mellor pero en calquera caso nós estamos intentando que as reivindicacións que está a facer San Francisco se poidan cumprir, porque este non é un debate de apoio ou non a San Francisco, se non que é un debate e un apoio a unha estrutura e a unhas persoas que levan traballando moitos anos, e todos estamos nesa dirección, é dicir non hai ningunha dúbida de que todos queremos que San Francisco resolva os seus problemas e que esas 73 persoas que están alí poidan seguir vivindo e gozando desas instalacións como fixeron ata agora.

E creo que todos demos mostras de apoio a San Francisco, cada un na súa posicións ao longo da súa vida política, eu creo que ninguén senón todo o contraio, todos estivemos a favor do apoio a San Francisco na medida das nosas posibilidades, uns apoiando con infraestruturas, outro apoiando con decisións, outros intentando, que lembro cando un Plan Xeral levaba toda a estrutura que tiña San Francisco e resolveuse entre tódolos grupos políticos por unanimidade que iso fíxose nesta Corporación, polo tanto a Corporación sempre estivo ao carón de San Francisco e nós imos seguir nesa dirección.

Eu podía facer un discurso aquí de intentar dicir que hai que salvar cuestión técnicas, non o vou facer porque sería moi fácil dicir que se a lei é de non sei quen e de non sei canto, a min iso non me preocupa agora mesmo, a lei é de quen sexa,

do partido que sexa, xa o saberán os cidadáns e os representantes de San Francisco. Nós o queremos hoxe aquí é quitar unha conclusión clara, que todos estamos de acordo en apoiar a San Francisco e que o Partido Popular en Vigo vai dar a cara por defender a San Francisco, iso é o que quero que quede claro, ás familias, as persoas que están alí e sobre todo aos representantes desta Asociación e ao Pleno da Corporación.

Polo tanto, conten co Partido Popular en Vigo para intentar mediar ante a Xunta de Galicia como xa estamos intentando facelo para que esas persoas, esas 73 persoas poidan quedar en San Francisco, onde tiveron e teñen a súa vida e esperemos que a teñan de cara o futuro que nós imos seguir nesa liña de traballo. Polo tanto, o Partido Popular, Sr. Eladio, familiares e persoas discapacitadas que están alí, que saiban que nós imos dar a cara.

PRESIDENCIA: Hoxe mesmo eu enviarei unha carta á Xunta de Galicia dando conta deste Pleno, enviarei máis adiante as actas das intervencións e tamén quero transmitirille ao Pleno que se no prazo de 15 días non temos resposta convocarei un Pleno extraordinario para tratar esta cuestión.

A Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa intervención ó Sr. Fernández Pérez.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

Non houbo.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO

PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(186).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A DERROGAR O R.D.LEI 16/2012 E A ELABORAR UNHA NOVA LEI DE SANIDADE. EXPTE. 995/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de outubro de 2014, número 995/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN:

"O 1 de Setembro de 2014 cumpriuse o segundo aniversario da entrada en vigor do "Real Decreto Lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sostibilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións" (en diante RDL). Esta norma supuxo un cambio de modelo sanitario no que a universalidade foi substituída por un sistema de aseguramento, quedando a cidadanía dividida entre os que teñen dereito a recibir atención e os que perderon o devandito dereito. Unha transformación que se produciu sen debate parlamentario ningún e cunha forte oposición social e das e os profesionais da saúde, os que non só mostraron o seu rexeitamento, senón que tamén declararon a súa obxección a unha norma que vulnera a súa propia deontoloxía e que vai en contra da preservación e mellora da saúde da sociedade no seu conxunto.

Nestes dous anos recoñecidas organizacións presentaron informes nos que se reflicten as enormes dificultades de acceso ao sistema sanitario para unha parte importante da cidadanía, así como as sistemáticas vulneracións do dereito á asistencia, mesmo naqueles casos nos que así o recoñece o propio RDL.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS

1. Subscribir e solidarizarnos plenamente co manifesto asinado por máis de sesenta organizacións e plataformas dos ámbitos social, profesional e científico, denunciado os impactos desta reforma sanitaria e o incumprimento por parte do goberno español da lexislación internacional de dereitos humanos.

2. Ante esta situación instamos o Goberno de España a derrogar con carácter inmediato o RDL 16/2012 e repoñer a situación previa a éste.

3. Elaborar unha nova Lei de Sanidade:

- Que naza dun amplo consenso coas diversas forzas políticas, organizacións sociais e sociedades científicas
- Que estableza as condicións para un Sistema Nacional de Saúde, universal, de calidade, e sostible sobre a base dunha xestión eficiente, eficaz e transparente.
- Que garanta o dereito á protección e promoción da saúde establecido na Constitución Española, e o dereito de toda persoa ao desfrute do máis alto nivel posible de saúde, tal e como é definida pola Organización Mundial da Saúde: completo estado de benestar físico, psíquico e social e non só a ausencia de enfermidade, como marco das políticas, plans e estratexias de saúde e base do modelo integrador bio-psico-social de atención á persoa enferma, dereito tamén recollido no Pacto Internacional de Dereitos Sociais, Económicos e Culturais ratificado por España".

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Cando se cumpren dous anos da entrada en vigor da Real Decreto Lei 16/2012, máis de 70 organizacións e plataformas de ámbito social, profesional e científico de todo o Estado asinaron un manifesto denunciando os impactos desta reforma sanitaria e o incumprimento por parte do Goberno español da lexislación internacional de dereito humanos. En abril de 2012 o Goberno aprobou o Real Decreto Lei 16/2012 de Medidas Urxentes para supostamente

garantir a sostibilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, con este Real Decreto sinalan estas organizacións, a asistencia sanitaria deixou de ser un dereito de tódalas persoas e pasou a ser unha prestación vinculada á condición administrativa de asegurado, ademais con esta reforma sanitaria restrínxense certas prestacións e aumentase a carga económica directa das persoas.

Dous anos despois o balance non pode ser máis negativo e de acordo cos seguintes criterios recollidos polas entidades públicas privadas onde fan unha valoración deste Real Decreto. Primeiro, trala aplicación do Real Decreto ao menos 873.000 persoas en España perderon o dereito á asistencia sanitaria, segundo cifras do propio Goberno do Estado. Falamos dunha poboación especialmente vulnerable e que debería gozar dunhas medidas de protección socio-sanitarias e máis en tempos de crise.

Segundo, a diferente aplicación do Real Decreto polas comunidades autónomas e a disparidade de criterios na aplicación da normativa por parte dos centros sanitarios, deterioraron aínda máis a cohesión territorial do Sistema Nacional de Saúde e converteron o acceso á atención sanitaria en un auténtico labirinto administrativo.

Terceiro, incluso naqueles supostos no que o Real Decreto recoñece o dereito á atención en embarazadas, menores, atención en urxencias, orixináronse numerosos casos de desatención rexistrados en rexistros estatais e autonómicos, sen que ata a data se tomara ningunha iniciativa para atallar estes incumprimentos.

Cuarto, o desprazar a atención cara as urxencias xera atraso de diagnóstico, agravamento das patoloxías e aumento do gasto sanitario, o seu prezo estímase por estudos internacionais que aumenta máis de catro veces o que se correspondería pola atención sanitaria de persoas incluídas.

Quinto, a esixencia de sinatura de compromisos de pago, de facturación indebida na atención a urxencias e outros impedimentos para o acceso ao sistema sanitario, xerou unha acceso disuasorio e unha ruptura da continuidade asistencial que está poñendo en risco e en quebra o dereito á saúde e á vida das persoas, como o avalan as organizacións médicas que evidenciaron nos falecementos de Alpha Pan en Mallorca, Soledad Torrico en Valencia e Jeanneth Beltrán en Toledo, vítimas

ratificadas por estes estudos do Real Decreto.

Sexto, a pesar de que algunhas comunidades autónomas emitiron instrucións para asegurar asistencia sanitaria a toda a poboación nos supostos de saúde pública, o Real Decreto senta as bases para que se produza un retroceso nos programas de prevención e de vixilancia tanto de enfermidades transmisibles como non transmisibles.

Sétimo, nun contexto de incremento da desigualdade económica nos catro anos iniciais da crise a desigualdade nos ingresos creceu na mesma proporción que se lograra reducir non últimos 22 anos, nun contexto, insisto, o encarecemento do acceso a determinadas prestacións e medicamentos e a exclusión sanitaria das persoas máis vulnerables provocadas por promulgación do Real Decreto xerou un incremento relevante das desigualdades en saúde.

Oitavo, resulta preocupante o posible impacto na prevención da violencia de xénero posto que as persoas sen recursos teñen máis dificultades para poñer en comunicación do sistema sanitario esta realidade.

Noveno, organismos internacionais instaron ao Goberno Central do Estado Español para que rectifique.

Por todo isto solicitamos a derogación do Real Decreto, segundo a promulgación dunha Lei de sanidade de acordo co que aparece na proposta da moción, que naza dun amplo consenso das diversas forzas políticas que estableza as condicións para un sistema nacional de saúde universal, de calidade e sostible, e que garanta o dereito da protección e promoción da saúde establecido na Constitución Española en igualdade de calidade e eficacia.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente despois de dous anos podemos observar que as consecuencias deste Real Decreto son que as xa se anunciaban dende o principio, as que todo o mundo vía moi claras agás o Goberno do Partido Popular. Non é que non as vise claras senón que hai outras consecuencias que en todo caso o Partido Popular si lle interesan que é obter rendemento económico privado do sistema sanitario, que ata agora era público e universal e despois de este Real Decreto deixou de ser universal e cada vez é menos público e máis privado. Esas son as consecuencias desexadas polo Partido Popular que ten outras consecuencias moi indesexadas para unha parte moi importante da poboación.

Utilizouse de feito para esta reforma a figura do Real Decreto e algo que lles permitiu poder facer esta reforma sen negociar, sen consensuar nada con ninguén e dunha forma moi rápida cando realmente o Real Decreto sería para unha cuestión provisional e urxente, e neste caso estamos falando dunha reforma estrutural, cunha carga ideolóxica profunda moi importante e con consecuencias enormes. A primeira mudanza de carácter ideolóxico é o eixo transversal deste Real Decreto que distingue entre asegurados e beneficiarios e polo tanto deixa de ser un sistema sanitario universal, se non que é un sistema que abre a porta para excluír persoas do sistema sanitario ou ben convertelas en suxeitos de beneficencia, pero non dun dereito como ten que ser o dereito á asistencia sanitaria tal e como a concibíamos neste país.

Así, aplicando este Real Decreto, foron excluíndose distintos grupos de poboación da cobertura sanitaria, como as persoas inmigrantes o que provocou mortes que están documentadas como consecuencia da aplicación deste Real Decreto, isto non é unha cuestión dialéctica, non se trata dun xogo dialéctico político ou partidista senón que está documentado que hai persoas que morreron precisamente a raíz da aprobación e aplicación deste Real Decreto ou se lles deixa en situación de beneficencia, pensemos nas persoas maiores de 26 anos e por exemplo despois de estar aquí escoitando cal é a situación das persoas con discapacidade, despois de ter escoitado ao representante da Asociación San Francisco, as persoas maiores de 26 anos que non teñan cotizado como é o caso de moitas persoas con discapacidade que non teñen acceso ao mercado laboral e que cada vez teñen máis dificultades, vense en situación de beneficencia, é preciso declarar que un non ten recursos para que se lle preste a asistencia sanitaria, cando aquí sempre defendemos que era un dereito de todos/as. Ademais, insisto, nesta diferenciación entre asegurado e beneficiario insístese en que un ten que traballar e cotizar para recibir unha asistencia sanitaria.

Nós dende o Bloque Nacionalista Galego, sempre insistimos en que un paga os hospitais co IVE das patacas que merca no supermercado, que o sistema sanitario é un dereito público e que ten que ser un dereito universal, pero ademais exclúese a través doutras medidas como o repago, o que chaman no Decreto Copago, que é pagar dúas veces polo mesmo. Estar pagando cos impostos e ter que pagar despois, estase excluindo a persoas do sistema sanitario obrigándoas a pagar por

elementos como as próteses, as dietas, como os complementos dietéticos, cos fármacos por síntomas menores que deixan de estar cubertos e poden transformarse en síntomas maiores, mesmo se aproveitou para facer mudanzas nas condicións laborais do persoal sanitario neste Real Decreto.

Realmente é un Decreto cunha carga ideolóxica fonda que ten como obxectivo fundamentalmente privatizar a Sanidade pública como está acontecendo aquí na nosa cidade, de feito eu creo que Vigo é un exemplo claro de como se está priorizando a Sanidade privada fronte a Sanidade pública e como se está excluindo a unha parte importante da poboación do sistema sanitario que é un dereito básico. Por iso tamén nos gustaría insistir no carácter público que ten que ter a Sanidade, por iso propuxémoslle ao Partido Socialista engadir no segundo punto do apartado tres a palabra “público” de forma que o paragrafo quedaría “que estableza as condicións para un sistema nacional de saúde universal de calidade e sostible sobre a base dunha xestión pública, eficiente, eficaz e transparente”, porque por suposto estamos de acordo con que este Real Decreto non vale e que é necesaria unha nova lei.

SRA. CENDÓN ALONSO: Independentemente dos matices partidistas no fundamental da moción que é na necesidade da reforma da Lei Xeral de Sanidade estamos de acordo, é máis se vostedes aceptasen a votación por puntos nós estaríamos dispostos a apoiar o punto tres que é o que recolle esta proposta.

Vostedes saben que o debate político sobre esta reforma xa está iniciado, de feito iniciouse no mes de xuño en Baiona onde estaban representados tódolos grupos políticos, CIU, PNV, UPyD, PSOE e PP, aquí a través dos seus voceiros chegouse a este acordo, ratificouse a vixencia da Lei de Sanidade nos seus principios fundamentais, pero despois de trinta anos ten algún concepto un pouco obsoleto, por poñer un exemplo, cando todos traballamos en áreas de xestión integrada non teñen ningún sentido demarcar zonas ou áreas de saúde ou separar a primaria da especializada.

Pero precísase un debate profundo, un debate con amplío consenso para mellorar unha norma baseada na descentralización dos sistemas de saúde, que creou desigualdades territoriais no sistema e que deben solucionarse. Hai que mellorar a coordinación, a cooperación entre os distintos servizos rexionais de saúde para

eliminar as diferencias interterritoriais, non é de recibo que un galego teña máis dificultades para ser atendido en Cataluña que en Portugal.

Tres retos propuxémonos dende o Partido Popular, e foron aceptados por tódolos grupos, o Sr. Martínez Olmos ratificounos como ben sabe o Sr. Rodríguez Escudero, equidade nas prestacións sanitarias para toda a cidadanía, cohesión entre autonomías e sostibilidade do sistema de saúde.

Pero hai algo no que non podemos estar de acordo e non podemos estar de acordo na interpretación que vostede fai da universalidade da asistencia en España. A universalidade non a establece a Lei Xeral de Sanidade, do 25 de abril, esta Lei a marca como un obxectivo, é unha avocación pero vostede sabe que a universalidade xamais se conseguiu neste país no 100%, quedaron algúns grupos fora do sistema como poden ser os rendistas, os artistas, algúns profesionais liberais, o 100% nunca se conseguiu neste país. Por esta razón dende o Partido Popular somos incluso máis ambiciosos e propoñemos que non sexa unha lei a que recolla a universalidade senón que sexa a lei de leis, a Constitución. Propoñemos que se recolla nunha reforma constitucional o carácter universal da Sanidade como dereito fundamental, e temos que remitirnos á historia para saber como se constrúe o sistema sanitario español, e saben que é no ano 1942 a través da Lei de Seguro Obrigatorio de Enfermidade que moitos lembran polos seus país, en tempos da ditadura cando se constrúe este sistema, en base a cotizacións de empresarios e traballadores e que recolle a asistencia tanto a pensións como en asistencia sanitaria, mentres que noutros países a asistencia dos traballadores se prestaba en centros privados e os estados financiaban dalgunha maneira, aquí conseguimos construír unha estrutura pública para a atención unicamente de traballadores e dos seus familiares, tódolos que non eran afiliados atendíanse a través da beneficencia prestada polas corporacións locais. Progresivamente fóronse incorporando outros colectivos como agraria, traballadores de fogar, pero nunca se alcanzou o 100%. Pasamos posteriormente a separar as fontes de financiamento e pasaron as pensións a financiarse polas cotizacións dos afiliados e a asistencia sanitaria financiamento público a través de impostos, pero seguimos sen conseguir a universalidade, porque isto non era a universalidade.

Quen recoñeceu sempre neste país o dereito á asistencia sanitaria? Dúas vías, primeira o INSS que sempre foi o ente que recoñeceu aos afiliados, aos que

cotizan e un segundo recoñecemento que é para aqueles que conseguen demostrar que non teñen recursos, calquera español que non consiga o recoñecemento por esta vía, queda fora do sistema, e así quedaron fora do sistema de asistencia gratuíta, como dixen, profesionais liberais, artistas e rendistas que teñen que subscribir un convenio e facer as súas achegas. Isto en España sempre foi así, e os estranxeiros non empadroados en España xamais tiveron asistencia sanitaria gratuíta.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A miña compañeira de profesión a Sra. Cendón ten a particularidade ultimamente de contestar a cousas que non están no ámbito do que é a moción, por exemplo, no Pleno pasado de aquela persoa afectada dunha enfermidade que realmente viña aquí a reivindicar o recoñecemento de dereitos económicos e laborais, e contestóuselle por outra vía, hoxe volve facer o mesmo porque non sei se é que non ten unha contestación ou ben realmente non sabe ou quere desviar o debate a outro lado.

O debate é moi simple, aquí dende o ano 2012 hai un decreto que xera exclusión onde non o había, exclusión de persoas, 823.000 persoas segundo recoñece o propio goberno, que causou catro mortos recoñecidos polas autoridades e polas entidades independentes, que xerou dos organismos internacionais tan pouco sospeitosos da Comunidade Europea, da ONS e da UNESCO que se rectifique ese Real Decreto, que houbo máis 1.000 incidencias segundo médicos do mundo, que houbo máis de 300 incidencias graves segundo a rede estatal de denuncia da exclusión sanitaria. É algo máis que todo iso, polo tanto non podemos votar separadamente, temos primeiro que derrogar un instrumento legal, tramposo que pon á poboación baixo o risco e baixo a dependencia do capricho e da arbitrariedade política, e iso non pode ser, estamos nun país desenvolvido onde tódolos países, incluso do terceiro mundo avanza, segundo a ONS no informe do ano 2013, cara a integración e servizos universais, e resulta que España, un país que precisamente o garantira e esqueceuse vostede de dicilo, no ano 2011 a lei do Sr. Zapatero precisamente consolidaba a universalización de todos eses sectores que vostede dixo que non estaba. Polo tanto, mentiu por ocultación do que era a lei do Sr. Zapatero, que garantira precisamente, por fin a universalización da asistencia, cousa que derrogaron cun Real Decreto tramposo e fora de toda lóxica

do que é as bases legais de calquera norma que pretende ser fundamental neste país.

Polo tanto, non Sra. Cendón, isto non é un tema dun Real Decreto, é un Real Decreto que xera mortes, exclusión, pobreza e que empobrece tamén o noso sistema, aos nosos profesionais e á sociedade e iso non o queremos.

PRESIDENCIA: Entendo que se pronuncia a favor da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

No transcurso do debate, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, presenta a seguinte emenda de engádeda

Engadir no segundo punto do apartado 3 a palabra público, de forma que o parágrafo quedaría así:

.- Que estableza as condicións para un “Sistema Nacional de Saúde” universal, de calidade e sostíbel sobre a base dunha xestión pública, eficiente, eficaz e transparente.

Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Rodríguez Escudero, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase engadir a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Alvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.10.2014 (Rex. Nº 995/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, coa emenda de engádeda presentada pola voceira do grupo municipal do BNG, co seguinte texto:

1. Subscribir e solidarizarnos plenamente co manifesto asinado por máis de sesenta organizacións e plataformas dos ámbitos social, profesional e científico, denunciado os impactos desta reforma sanitaria e o incumprimento por parte do goberno español da lexislación internacional de dereitos humanos.
2. Ante esta situación instamos o Goberno de España a derrogar con carácter inmediato o RDL 16/2012 e repoñer a situación previa a éste.
3. Elaborar unha nova Lei de Sanidade:
 - Que naza dun amplo consenso coas diversas forzas políticas, organizacións sociais e sociedades científicas
 - Que estableza as condicións para un Sistema Nacional de Saúde, universal, de calidade, e sostible sobre a base dunha xestión pública, eficiente, eficaz e transparente.
 - Que garanta o dereito á protección e promoción da saúde establecido na Constitución Española, e o dereito de toda persoa ao desfrute do máis alto nivel posible de saúde, tal e como é definida pola Organización Mundial da Saúde: completo estado de benestar físico, psíquico e social e non só a ausencia de enfermidade, como marco das políticas, plans e estratexias de saúde e base do modelo integrador bio-psico-social de atención á persoa enferma, dereito tamén recollido no Pacto Internacional de Dereitos Sociais, Económicos e Culturais ratificado por España.

5.2(187).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO DA DEPUTACIÓN E ABANCA O RETORNO Á FUNDACIÓN MARCO, REALIZANDO AS ACHEGAS ECONÓMICAS CORRESPONDENTES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 996/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de outubro de 2014, número 996/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“O Museo de Arte Contemporánea (MARCO) é, dende a súa inauguración no ano 2002 un referente na rede museística e expositiva de Vigo e de Galicia, referendado pola calidade e innovadora oferta e o favor dos miles de persoas que ano tras ano o visitan. Vertebrado sobre unha fundación constituída inicialmente polo Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura, Deputación de Pontevedra e a que hoxe se denomina como ABANCA, lle permitiu ata datas recentes dispoñer dunha estrutura económico financeira abondo para garantir unha programación atractiva, de alta calidade e gran capacidade de innovación.

Nos últimos anos produciuse unha redución moi significativa das achegas económicas anuais dalgunhas das institucións e entidades que forman parte da Fundación Marco, chegando nalgúns casos (Deputación e ABANCA), a abandonar esta e deixando de aboar as partidas económicas correspondentes.

Estas situacións, levaron a reducir o presuposto anual do MARCO en máis do 50% dende o ano 2010, o que inevitablemente leva a unha diminución da calidade e cantidade da programación anual do MARCO. E o que é peor, de continuar esta tendencia, a curto prazo será imposible articular unha mínima programación anual, ao ser financeiramente inviable o proxecto MARCO.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS

- Solicitar da Deputación de Pontevedra e ABANCA o retorno á Fundación MARCO, realizando as achegas económicas correspondentes.
- Reclamar das entidades que forman parte da Fundación MARCO, recuperen para os próximos exercicios o nivel das achegas económicas que fagan posible o desenvolvemento do Proxecto MARCO.”

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Xestión Municipal

ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: O Museo de Arte Contemporánea, máis coñecido por MARCO, dende a súa inauguración no ano 2002 é un referente na rede museística e expositiva de Vigo e de Galicia, referendando pola calidade, innovación, oferta e a favor das miles de persoas que ano tras ano o visitan. Vertebrado sobre unha fundación constituída inicialmente polo Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura, Deputación de Pontevedra e o que hoxe se denomina como Abanca, permitiu que ata datas recentes dispoñer dunha estrutura económica financeira suficiente para garantir unha programación atractiva de alta calidade e de gran capacidade de innovación. Gracias á liberdade creativa por parte dos profesionais, á dirección magnífica que ten este museo e a tódolos profesionais que traballan nel, e gracias por suposto ao soporte dos profesionais dende este Concello.

Nos últimos anos produciuse unha redución moi significativa das achegas económicas anuais dalgunhas institucións e entidades que forman parte da fundación MARCO, chegando nalgúns casos como nas subvencións da Deputación de Pontevedra e a Abanca a abandonar a mesma e deixando de abonar as partidas económicas correspondentes.

Esta situación levou a reducir o Orzamento anual do MARCO en máis do 50% dende o ano 2010, o que inevitablemente leva a unha diminución da calidade e cantidade da programación anual do MARCO e o que é peor, de continuar esta tendencia a curto prazo será imposible articular unha mínima programación anual e a ser financieramente inviable este proxecto.

Por todo o cal e ante esta situación, en nome do Grupo do Partido Socialista, solicito ao Pleno deste Concello aprrobe a seguinte proposta: solicitar da Deputación de Pontevedra e Abanca o retorno á Fundación MARCO realizando as achegas económicas, reclamar das entidades que forman parte da Fundación MARCO, recuperen para os próximos exercicios o nivel de achegas económicas que fagan posible o desenvolvemento deste proxecto. Nun Padroado recente da Fundación por tódolos membros da mesma, acordouse solicitar precisamente á Deputación de

Pontevedra e Abanca o retorno a este Padroado e as achegas que facían. Polo tanto, non fago máis que presentar neste Pleno unha petición que realmente, aínda que non o represento aquí, porque neste caso represento ao Grupo Socialista, posiblemente fixo seu o Padroado e esperemos da sensibilidade dos grupos presentes neste Pleno para que insten ás administracións, neste caso á Deputación de Pontevedra e as entidades como Abanca e a outras institucións, para que recuperen o nivel de investimento e de orzamento no MARCO que lle possibiliten unha programación estable, de calidade como a que se viña desenvolvendo ata o ano 2010.

SR. ALONSO PÉREZ: Parece que estamos nunha situación ben diferente a cando se inaugurou o museo no ano 2002, daquela no periscopio de A Voz de Galicia escribía o Sr. Anibal Barbón “o MARCO non deixa de facer engordar o conta de mecenas para o museo, tanto que en lugar de arte parece que será algo así como un banco de institucións”, isto pasaba no 2002, tódalas institucións querían ter presenza no MARCO, hoxe é ao revés, parece que todas queren marchar.

O Bloque Nacionalista Galego que sabe da importancia que ten a cultura, sempre tomou iniciativas para que o MARCO pervivira e tivera dispoñibilidade económica. No Parlamento Galego a Sra. Carmen Adán ten presentado iniciativas para que a Xunta de Galicia coas súas achegas garantira o futuro do MARCO, no Parlamento do Estado a Sra. Olaia Fernández ten presentado recentemente ademais, unha iniciativa para impedir que o Goberno do Estado recorte para o ano 2015 un novo recorte, no ano 2014 a achega do Estado foi de 48.730 euros, e este ano nos Orzamentos pretenden que sexa de 35.000 euros. Por iso, a Sra. Olaia Fernández tomou a iniciativa de intentar que ese recorte non se produza. Eu mesmo, como representante do Bloque Nacionalista Galego no Padroado, teño presentado iniciativas para que Abanca volviera a ocupar o espazo que ocupou no seu día Caixa Nova, e ademais teño solicitado que a Deputación de Pontevedra volviera ao MARCO, cun argumento claro como di na acta que recolle o meu argumento do Padroado, na acta do 26 /06/2014 di o seguinte: “don Francisco Xabier Alonso Pérez lembra que a Deputación Provincial de Pontevedra abandonou o MARCO nun momento do desencontro político e que neste sentido débese retomar a iniciativa de instar á Deputación de Pontevedra a reconsiderar o seu posicionamento neste

decisión, pois é grave que a Deputación de Pontevedra non colabore na que representa a maior iniciativa museística da Arte contemporánea da provincia”.

Cando fixen este proposta que efectivamente ao final foi unánime, fíxeno no Padroado cunha intención diferente a que fose un debate como hoxe está sendo público e ademais manifesteino no Padroado, dixen mellor imos intentar que xa que hai unha situación política diferente e que hai unha intente entre o Partido Popular e o Partido Socialista, imos intentar que polo menos esta cousa se arranxe, imos intentar evitar que a polémica pública poida dificultar que se arranxe, polo menos intentalo. De feito falei co Sr. Figueroa en presenza do membro do Partido Popular que está no Padroado, o Sr. Relova, para intentar que isto se resolvera e que a Deputación volvera, ben, a día de hoxe non hai resposta pero si está claro que como dicía a nosa voceira, a Sra. Veloso, que a intente Partido Popular e Partido Socialista non deu arranxado ningún dos problemas que en Vigo necesitaba solución, non arranxou ningún, nin sequera este, non conseguiron que a Deputación de Pontevedra volvera ao MARCO.

En todo caso, a dirección do MARCO está tendo actuacións, que eu penso, que a pesar dos recortes están facendo que o proxecto sexa viable, facéndoo atractivo, de feito tomaron iniciativas de facer acordos con outros museos europeos para abaratar as exposicións, ven de aprobar a creación de cubrir a figura de coordinador e de seguimento dos arquivos do que son as exposicións, unha serie de medidas que gracias á dirección do museo a pesar dos recortes pervive.

En todo caso nós imos apoiar a moción, tivemos a iniciativa no Padroado, é unha cuestión unánime, o que falla é que a Deputación de Pontevedra tome nota e se incorpore ao museo porque penso que Vigo o precisa e non pode a Deputación escapar do museo MARCO en Vigo.

SR. RELOVA QUINTEIRO: “De boas intencións está empedrado o camiño do inferno”, con este vello refrán francés comezo a miña exposición non sen antes anunciarlles que o Grupo Popular do Partido Popular votará a favor da súa moción. Pero quero lembrarlles ao Goberno Local unhas declaración do líder socialista francés actual, secretario do xeral do Partido Socialista Francés e que se publicaba no diario Lemonde este venres, hai tres días, son palabras de Jean-Christophe Cambadellis, tódalas esquerdas europeas perdemos o debate cultural. O máis rechamante da

exposición de motivos que presenta esta moción é primeiro, que en ningún momento recoñece que o Goberno Local haxa reducido 200.000 euros o Orzamento do MARCO nestes dous últimos anos, pois pasouse de 805.000 euros a 605.000 euros. É mentira Sr. Font? Aquí están os Orzamentos, temos tódolos documentos do MARCO. Reduciu en 200.000 euros o Orzamento do MARCO nestes dous últimos anos, pois pasouse de 805.000 euros a 605.000 euros.

Segundo, dise que minguou a cantidade e a calidade da programación do MARCO, vexo con asombro que non queren recoñecer o abandono que sofre o Museo Municipal MARCO por parte de vostedes, nin sequera se decataron de que é o museo máis visitado da cidade, máis de 50.000 visitantes en 2014 e que tampouco se decatan que a calidade e cantidade da programación é extraordinaria, a pesares de que se lle recortan os seus orzamentos, pois deberían tomar boa nota da eficaz xestión dos traballadores e director do museo MARCO, pois ante as adversidades fixéronse máis fortes e dan unha lección de xestión cultural que nos sitúa á cabeza dos museos de arte contemporáneo máis importante de España.

Non hai nada novo baixo o sol, o MARCO é un museo propiedade do Concello de Vigo, aínda así cóbralle anualmente os impostos que ten que pagar o propio museo do seu Orzamento, son vostede os que se ampararon nos recortes ou abandono dos padróns, non hai nada novo baixo o sol.

Consideramos que a percepción da cultura e dos propios colectores que dependen da cidade están en punto morto, mentres critican os recortes e ausencias doutras administracións, vostedes non só recortan 200.000 euros senón que tamén dese orzamento cóbranlle un canón, o patrocinio real, Sr. Font, real, son 597.000 euros posto que o MARCO tenlle que devolver ao Concello de Vigo en concepto de canón 8.000 euros.

Neste catro últimos anos, só o representante do grupo municipal do Partido Popular, tal como se recolle nas actas da reunión do Padroado, solicitou que se lle exima ao MARCO deste canón e que por certo, sempre se aproba por unanimidade entre os presentes, pero o único que se tomou en serio este tema é o Sr. Riesgo, o secretario xeral do Pleno, ante o delirante desta situación. Todo isto é un magnífico reflexo dunha situación de improvisación, de xestos políticos e con moi pouca acción, e dende logo a cultura móvese máis por acción que por outra cousa. Salvar o MARCO dun futuro incerto pasa polo diálogo, pola comprensión e polos propios

sentimentos que provoca o museo MARCO, porque se converteu nun espacio moi querido pola cidadanía porque comezou co apoio e cariño de tódolos responsables da política e das institucións desta cidade e da Xunta de Galicia.

Este venres escoitaba en Onda Cero as 13:25 horas ao Sr. Alcalde de Vigo, que viña da inauguración da mañá do MARCO, criticou á Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e dixo que o Concello daba 800.000 euros, logo rectificou en tres décimas de segundo e dixo que en 700.000 euros, e aí quedou a cousa, eu crin que estaba ante un programa dos antigos que daban os peronistas na antiga Arxentina, porque de verdade un Alcalde non pode mentirlle á cidadanía nunha radio como Onda Cero. Votamos que si, por suposto.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A verdade é que non cría que ía empregar un ton deste tipo, vostede nunha moción que vexo que tiña escrita independentemente do que eu fose dicir, que xa ve a miña posición foi bastante aséptica sen meterme con ningunha institución e deixando claro o que me preocupa, que é a viabilidade do MARCO no futuro, nesa tendencia de diminución orzamentaria.

Baixo ningún concepto Sr. Relova e iso ademais si que me doe, eu puxen en cuestión a calidade da programación do MARCO actual, ao contrario, dixen que gracias precisamente ao bo facer dos profesionais tanto do propio MARCO, da Xerencia, como os profesionais desta casa do Concello, realmente se podía manter. Pero dado que vostede utilizou algo que me parece inapropiado dunha persoa culta como vostede, dunha forma sesgada, sectaria, as cifras orzamentarias voulle contestar, porque creo que non por vostedes senón polo resto da xente que realmente a cal nos debemos, que debe coñecer a realidade xa que vostede non quería entrar niso. Dixo que o Concello diminuíu en 200.000 euros a achega do ano 2010, é verdade, eu non dixen que non fose así ao contrario, dixen que recupere as achegas de tódalas administracións, lea ben a moción, lea Sr. Relova, digo que volva Abanca, a Deputación de Pontevedra e que se recupere por parte das administracións o nivel orzamentario en todas, en xeral, non falei de ningunha en particular. Polo tanto, creo que utilizou unha forma sectaria, inapropiada, inoportuna, o que o Concello diminuíu.

Di vostede que o Concello diminuíu 200.000 euros, pero non nos esquezamos de que o Estado diminuíu o 63%, a Deputación de Pontevedra o 100%, Abanca o

100%, que a Xunta de Galicia diminuíu o 66,6%, esa é a realidade, non só que o Concello diminuíu, cal é o peso neste momentos do Concello sobre o MARCO? Pois nada menos que financia máis do 75% dos gastos do MARCO, cando no 2010 financiaba o 44%, e isto Sr. Relova tampouco é como di vostede só un proxecto municipal, é un proxecto que nace da vontade dunhas administracións que concorren nun prego de constitución dunha fundación onde di e se comprometen a facer o MARCO con estas características orzamentarias.

Polo tanto, non se trata dunha subvención que se pide no Concello, trátase dun compromiso adquirido previamente.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.10.2014 (Rex. Nº 996/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(188).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A REALIZAR ESTUDOS PARA A CONSTRUCCIÓN E FINANCIAMENTO DUNHA INSTALACIÓN DEPORTIVA PÚBLICA DE FÚTBOL NA ESTACIÓN DO AVE EN VIGO. EXPTE. 997/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de outubro de 2014, número 997/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Fernández Pérez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“O Concello de Vigo consolidase como a capital galega do Deporte. Na nosa cidade

desenvólvense innumerables proxectos deportivos, que conleven una moi importante actividade social. Todas e cada un das accións deportivas na cidade teñen como pilar fundamental a posibilidade de contar con instalacións deportivas que posibiliten o crecemento da súa práctica deportiva e de forma especial o fútbol e una práctica deportiva universal que sitúa a nosa cidade como a cidade con máis clubs deportivos e con maior número de licenzas deportivas en toda Galicia.

Na actualidade, Vigo conta cunha extensa rede de instalacións deportivas, e de forma especial en relación o fútbol, dentro do termino municipal de Vigo existen máis de 30 terreos de xogo para o fútbol. Pero de forma especial debemos destacar que a peculiaridade física dun campo de fútbol, cunha necesidade próxima os 10.000 m², implica que a distribución destas instalacións, atopan una dificultade para o seu desenvolvemento no ámbito urbano da cidade.

A día de hoxe nos atopamos cun crecemento moi importante da demanda de instalación de fútbol que podan mellorar as condicións de acceso as mesmas para os deportistas que residen no casco urbano da cidade, e nos últimos anos, son varios os clubs deportivos locais que solicitan a construción de unha instalación deportiva para o fútbol no centro da cidade de Vigo

En relación a esta realidade, nos atopamos hoxe co desenvolvemento das actuacións para a construción da nova estación do AVE en Vigo. Esta obra ademais da construción das edificacións específicas para a estación, contempla como un elemento de gran relevancia do proxecto a creación dunha gran área pública de máis de 26.000 m², así como da urbanización xeral dos entornos de toda a gran parcela destinada a este gran proxecto. Este proxecto posiblemente sexa a unha das únicas oportunidades que desenvolvan accións urbanísticas no ámbito do centro urbano da cidade, na cal teña cabida unha actuación que require unha gran superficie como é un campo de fútbol

Polo exposto dende o Concello de Vigo entendese como unha oportunidade poder unir a dito proxecto da estación do AVE en Vigo, o estudo para o desenvolvemento no ámbito dos espazos públicos o da urbanización complementaria da estación, dun proxecto concreto de construción dunha instalación deportiva pública para o fútbol, considerando que a mesma desenvolve sinerxías sociais totalmente complementarias a diversidade dos usos que contempla o proxecto da estación do AVE.

Polo dito anteriormente, e tendo en conta a consideración do interese xeral desta moción, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- Instar o Goberno de España a través do Ministerio de Fomento a desenvolver os estudos necesarios para o desenvolvemento, financiación e construción dunha instalación deportiva pública para o fútbol no ámbito dos espazos públicos o da urbanización complementaria das obras da estación do AVE en Vigo.”

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Fomento ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: No nome do Grupo Municipal Socialista presento a seguinte moción, o obxecto da mesma é claro e solicítolle por adiantado o seu apoio para o seguinte acordo: instar ao Goberno de España a través do Ministerio de Fomento a desenvolver os estudos necesarios para o desenvolvemento, financiamento e construción dunha instalación deportiva para o fútbol no ámbito dos espazos públicos e da urbanización complementaria das obras da estación do AVE en Vigo. As razóns e os argumentos falan por si, ninguén dubida que Vigo é a capital galega do deporte, é un referente principal do deporte en España. Vigo está consolidada como a capital galega do deporte, na nosa cidade desenvólvense innumerables proxectos e disciplinas deportivas que levan consigo unha importante actividade deportiva, social e económica. Todas e cada unha das accións deportivas da cidade teñen como pilar fundamental a posibilidade de contar con instalacións deportivas que posibiliten o crecemento da súa práctica deportiva e de forma especial o fútbol nas súas diferentes modalidades. O fútbol é un práctica deportiva universal, que sitúa a nosa cidade como a cidade con máis clubs deportivos e con maior número de licencias deportivas de toda Galicia. Miles de deportistas, miles e miles de seareiros e aficionados, día a día, semana a semana, tempada a tempada participan e enchen os terreos de xogo desenvolvendo a ilusión e a paixón nas súas vidas, nas nosas vidas porque Vigo é o terreo común de todos, eles son o deporte, eles son tamén Vigo.

Na actualidade Vigo conta cunha extensa rede de instalacións deportivas que abarcan os nosos barrios e parroquias de forma especial no ámbito do fútbol, dentro do término municipal de Vigo existen máis de 30 terreos de xogo para o fútbol, pero de forma especial debemos destacar que a peculiaridade física dun campo de fútbol cunha necesidade próxima aos 10.000 metros cadrados, implica que a distribución destas instalacións atopen unha dificultade para o seu desenvolvemento no ámbito urbano da cidade.

A día de hoxe, atopámonos con competicións moi importantes de demanda de instalacións de fútbol que poidan mellorar as condicións de acceso as mesmas para o deportistas que residen no casco urbano da cidade, e nos últimos anos son varios os clubs deportivos locais que solicitan a construción dunha nova instalación deportiva para o fútbol no centro da cidade.

En relación a esta realidade, atopámonos hoxe co desenvolvemento das actuacións para a construción da nova estación do AVE en Vigo, esta obra, ademais da construción das edificacións específicas para a estación, contempla como un elemento de gran relevancia do proxecto a creación dunha gran área pública así como da urbanización xeral dos ámbitos de toda a parcela destinada a este gran proxecto. Este proxecto posiblemente sexa unha das únicas oportunidades que desenvolvan accións urbanísticas no ámbito do centro urbano da cidade, na cal teña cabida unha actuación que require unha gran superficie como un campo de fútbol e instalación deportiva.

Polo exposto, dende o Concello de Vigo, enténdese como unha oportunidade poder unir a dito proxecto da estación de AVE en Vigo, o estudo para o desenvolvemento no ámbito dos espazos públicos e da urbanización complementaria da estación, dun proxecto concreto de construción dunha instalación deportiva pública para o fútbol, considerando que a mesma desenvolve sinerxias sociais totalmente complementarias á diversidade dos usos que contempla na mesma.

Polo dito anteriormente, sen dúbida, e tendo en conta a consideración de intereses desta moción solicítolles ao Pleno da Corporación o apoio e o voto favorable a dita moción. Gracias pola súa comprensión e saúde.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Concelleiro de deportes, a petición que vostede nos trae nesta moción é unha petición que sen dúbida algunha polo que nós sabemos porque así nolo trasladaron a nós, foi feita por un club desta cidade, en concreto o Club Casablanca, que xa anteriormente, repito, nos propuxera esta demanda da construción dun campo de fútbol no entorno dese barrio, deste centro que vostede reclama.

O Casablanca é un club cunha gran tradición e cun gran traballo feito no deporte local, ninguén vaino poñer en dúbida, no deporte local en xeral e no mundo do fútbol en particular. O Casablanca, igual que outros clubs, merece sen lugar a

dúbidas instalacións axeitadas para desenvolver a súa actividade deportiva, e se é posible e como reclaman con lóxica a maioría dos equipos desta cidade, queren unha instalación deportiva que poida estar no propio entorno ou preto. Ata aí nada que dicir con esta reclamación. Si é certo que o Casablanca e outros clubs merecen esta instalación, Sr. Concelleiro, o que non nos parece dende o Bloque Nacionalista Galego de recibo é misturar unha demanda lóxica pero unha demanda deportiva, cunha actuación como é a da Estación do AVE, que sen dúbida algunha é unha actuación, infraestrutura importante para esta cidade e que se enmarca, como todo o mundo sabe, dentro dunha actuación política. É unha actuación política, porque o Sr. Alcalde díxonos a tódolos vigueses/as que o AVE chegaría no 2012, pero non está, despois se nos dixo por parte do Sr. Feijóo e o Sr. Touriño que chegaría no 2015 e tampouco está, ultimamente parece que falan do 2018, pero nestes momentos nin temos pechada a planificación e a consignación orzamentaria debida para que isto acontece nin tampouco sabemos que vai pasar coa futura estación do AVE na nosa cidade. Os vigueses/as queremos reclamarlle ao Ministerio de Fomento a chegada do AVE, os vigueses/as queremos reclamarlle a Fomento, que esa futura estación do AVE sexa unha futura estación con tódalas condicións. Os vigueses/as queremos reclamarlle a Fomento que faga unha verdadeira planificación do tráfico ferroviario de mercadorías, en definitiva, os vigueses/as queremos reclamarlle á Sra. Ministra que cumpra coas expectativas que cada vez que ven a Vigo deixa abertas, pero Sr. Fernández, non lle parece a vostede facer un pouco o ridículo cando chegue a o Ministerio de Fomento a petición por parte dun Concello como o de Vigo, de que ese Ministerio faga un estudo para a construción dun campo de fútbol? Non lle parece que imos facer o ridículo cando esa carta chegue ao Ministerio de Fomento? Non lle parece a vostede que a próxima visita da Sra. Ana Pastor en lugar de falar do AVE vai dicir que esta Corporación só lle pide e lle esixe un campo de fútbol nos terreos da futura estación do AVE, de verdade que non lle parece a vostede ridículo que a petición que lle chegue ao Ministerio de Fomento sexa esta? Pois ben, nós apoiamos calquera construción deportiva na nosa cidade, e apoiamos e estaremos con vostedes para reclamarlle ás administracións que acheguen financiamento e esa estrutura. Pero de verdade parécenos cando menos ridículo que a un Ministerio de Fomento en vez de esixirille todo o que os vigueses/as lle queremos esixir, se lle esixa o estudo para un campo

de fútbol.

Creemos que esta moción Sr. Fernández é para escorrerse o vulto, para pasarlle o vulto a un ministerio que ten cousas moito máis importantes que cumprir nesta cidade. Por isto propoñémoslle unha emenda de substitución que di “o Goberno municipal comprométese a buscar un emprazamento no entorno do barrio Casablanca para a construción dun campo de fútbol e realizar os contactos necesarios con outras administracións para o seu financiamento”. Imos axudarlle dende o Bloque Nacionalista Galego pero cremos que é un pouco ridículo que unha corporación municipal da cidade máis importante de Galicia se dirixa ao Ministerio de Fomento para pedirlle uns estudos para realizar un campo de fútbol. Agora ben, por nos tampouco vai quedar, ímoslles axudar para que ese campo de fútbol vaia arriba, pero parécenos que debería ser unha función do propio Goberno municipal.

SR. FIGUEROA VILA: Creo que algúns imos as reunións e ás veces non nos decatamos do que se di nas reunións. Este tema xa foi tratado nunha reunión que houbo en ADIF aquí en Vigo, onde se falou da reestruturación da estación e a Ministra sábeo porque alí díxoselle se existía a posibilidade de facer unha zona humanizada na parte de arriba e que se puidese levar unha instalación deportiva dun campo de fútbol, sabíano a Ministra, o Secretario do Estado o Sr. Catalá, que hoxe é Ministro de Xustiza e falouse naquela reunión. Polo tanto, non se preocupen, non lle envíen nada porque ten toda a información de se se poder facer ou non se pode facer ese campo, o que terá que facer o Concello é ver que posibilidades hai e onde se podería situar. Polo tanto, eu creo que estamos perdendo o tempo porque esa información xa se ten.

O que si é lícito é que un equipo poida pedir unha instalación deportiva, que nos dea unha idea onde se pode situar, a min paréceme o máis normal do mundo que un equipo como Casablanca que vive na zona da Estación, ve a posibilidade de que alí se poida instalar unha instalación deportiva é normal que o pida e, polo tanto nós apoiaríamos esa cuestión.

Despois se deriva noutras temas de que non hai financiamento para o AVE, Sr. Domínguez, seguramente o Partido Socialista dixo unha data, o 2012, o Partido Popular dixo o ano 2018 que se poderá cumprir e vostedes non dixeron ningunha, como non teñen aspiración a que se faga o AVE xa non deron ningunha data, mellor

así xa se vai mirando a súa posición. Na Xunta de Galicia si gobernaron e fixeron o ridículo.

A maiores dicirlles que nós loxicamente estamos intentando apoiar ao fútbol modesto de Vigo, construíronse máis de doce campos de herba sintética, agora estase a rematar o campo federativo de Coia por un importe de dous millóns de euros, que é un dos campos máis emblemáticos deste cidade, que os que xogamos un pouco ao fútbol por alí pasamos algunha vez e polo tanto, vaise levar a cabo. A maiores, como se di que se eses acordos non valen para absolutamente nada, Sr. Domínguez, o venres a Deputación vai aprobar 1.365.000 euros por un lado, máis 250.000 euros por outro lado para instalacións deportivas para a cidade de Vigo, cousa que vostede non fixo nunca en ningún Orzamento, cando gobernou, non destinou nin un só euro a Balaídos, polo tanto eu creo que aí está a proba clara de que a Deputación está cumprindo coa cidade de Vigo e cos seus compromisos.

Creo que o fútbol modesto con este campo de Coia, coa posibilidade doutro campo na zona de Casablanca se puidera ser, maila reestruturación dos campos actuais que hai uns cantos que aínda están con terra e que haberá que poñerlle herba sintética porque así o demandan os propios veciños/as de Vigo, creo que a rede de instalacións deportivas quedaría perfectamente cuberta, hai que mellor loxicamente o campo de Samil que está en período de licitación, hai que mellorar tamén o campo das Travesas que é un campo que leva máis de quince anos en pésimas condicións, cando un fala de todo isto tamén se sente orgulloso de que a actual Madroa empezou nunha época onde eu era concelleiro de Deportes, o complexo de Samil rematouse naquela época con instalacións deportivas, de fútbol e de tenis, rematouse e remodelouse o pavillón das Travesas, levouse a cabo a piscina de Teis e de Lavadores, polo tanto, son obras que están aí e foron aumentando as instalacións e as infraestruturas deportivas da nosa cidade.

Polo tanto, nós imos votar a favor desa proposta, pero dicirlles que a Ministra ten toda a información e naquel momento o Secretario de Estado tamén hoxe Ministro de Xustiza. Esperemos que dentro do proxecto definitivo do AVE se poida encaixar, eu non sei onde ten que ser, evidentemente eu fago unha suxestión positiva que dende o Concello de Vigo se faga onde se poida situar se é posible para que así en Fomento teñan unha información máis concreta.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Sr. Domínguez gracias pola súa axuda pero direille con toda a claridade que o Goberno Socialista nin mistura, nin obvia, quere dicir que estamos empeñados e así vimos traballando para impulsar ao máximo a chegada do tren de Alta Velocidade e a estación do AVE, dicir que é gracias ao Goberno Socialista, é certo que o actual proxecto recortou o proxecto orixinal e o recortou o Partido Popular, pero o Partido Socialista e o Goberno da cidade traballa para que a estación do AVE sexa o máis óptima posible, non poñemos atrancos, no entorno da estación do AVE hai máis de 26.000 metros cadrados para o desenvolvemento de actuacións que cremos que poden ser compatibles e por iso demandamos a realización dun estudo.

Polo tanto, o AVE para nós é unha prioridade e seguir harmonizando os espazos públicos para situar aquelas actividades co conxunto da cidadanía e as entidades demandan, vemos que é posible.

En segundo lugar, iso é froito do traballo do Grupo Socialista e do Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego non nos consta que teña esa firmeza que vostede di, á hora de defender á estación do AVE e a chegada da alta velocidade a Vigo.

As entidades deportivas de Vigo teñen todas solución, todas desenvolven a súa actividade maioritariamente en instalación públicas e fan o seu traballo, todos teñen unha resposta e solucionado os seus problemas, pero hai que prever que o Casablanca é certo que pide, pero hai outros clubs que piden como o Peñasco, verdade Sr. Figueroa, outros clubs do centro da cidade que tratan de recuperar aqueles clubs históricos, o Chao, o Silva, o Peñasco, o Ron do Berbés, que antes facían as súas actividades no centro e que agora teñen necesidades e non é fácil buscar unha solución en pleno centro urbano, pero hai que aproveitar aquelas iniciativas, neste caso a do AVE, que xorden para buscar os espazos que fagan posible a articulación desa situación.

Polo tanto, dicir Sr. Figueroa eses son todos campos municipais e os atende, os cuida e os leva a cabo o Concello municipal cos seus orzamentos e os seus presupostos, por iso é fundamentalmente un esforzo do Goberno municipal, do Concello e vai seguir nesa liña de actuación, vai resolver o campo da Etea, o das Travesas, de Samil, por certo, esperemos que se resolva o de Comesaña, o do Meixoeiro e o de Sárdoma e polo tanto imos seguir nesa liña de traballo.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.10.2014 (Rex. Nº 997/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Fernández Pérez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

6.1(189).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE XUSTIZA A CREACIÓN DUNHA NOVA PRAZA DE MAXISTRADO NA SECCIÓN SEXTA DA AUDIENCIA PROVINCIAL CON SEDE EN VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 998/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2014, número 998/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“O Goberno de España ten previsto aprobar o proxecto de Real Decreto polo que se adecúa a planta xudicial ás necesidades xudiciais existentes en cumprimento do previsto no artigo 561.1.3 da Lei Orgánica 6/1985 do Poder Xudicial.

O Real Decreto ten como obxecto:

- Concretar e adecuar a planta xudicial ás necesidades xudiciais existentes, mediante a creación de 112 prazas de maxistrados en órganos xudiciais colexiados e a creación e constitución de 3 xulgados do penal.
- Modificar a planta xudicial prevista nos Anexos II- Audiencia Nacional- IV- Tribunais Superiores de Xustiza-, V-Audiencias Provinciais-e VII-Xulgados do Penal-, da Lei 38 19988, do 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial.
- Adecuar o Anexo IV-Tribunais Superiores de Xustiza-da Lei 38/1088, do 28 de decembro, ao establecido no seu artigo 2 bis, no relativo ás 167 prazas de xuíz de adscrición territorial que se crea no mencionado Real Decreto.

A Xunta de Galicia, con data 24 de setembro de 2014 diríxese ao Ministerio de Xustiza para mostrar o seu acordo coa creación de sete prazas de xuíz de adscrición territorial e de cinco unidades xudiciais. En concreto:

- 1 praza de maxistrado para a Audiencia Provincial da Coruña para a orde Xurisdiccional Penal
- 1 praza de maxistrado para a Audiencia Provincial da Coruña, con sede en Santiago de Compostela
- 1 praza de maxistrado para a Audiencia Provincial de Lugo para a orde xurisdiccional penal
- 1 praza de maxistrado para a Audiencia Provincial de Ourense para e I orde xurisdiccional penal
- 1 praza de maxistrado para a Audiencia Provincial de Pontevedra, con sede en Vigo para a orde xurisdiccional penal
- 7 prazas de xuíz de adscrición territorial ao TSX de Galicia, coa seguinte distribución: 3 para a provincia de Coruña, 1 praza para a provincia de Lugo, 1 praza para a provincia de Ourense e 2 prazas para a provincia de Pontevedra.

Resulta incomprendible que nesta proposta non apareza a petición dunha nova praza para a sección sexta (Vigo) da Audiencia Provincial de Pontevedra.

Resulta incomprendible e sorprendente porque é sobradamente coñecido que é unha sala cun dos maiores ratios de pendencia de España, aínda cando o enorme esforzo dos seus titulares logra que se ocupe un lugar moi destacado no número de resolucións ditadas.

Ademais, é coñecido, tamén, que o módulo de entrada fixado polo CGPJ en 2013 para a sección sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo é de 817 asuntos. É unha das 37 seccións civís de España que en 2013 tivo máis asuntos ingresados que o módulo que marca o CGPJ.

Por outra parte, malia non se modificar aínda a Lei de taxas xa obsérvase un repunte de asuntos ingresados nesta sección nos tres primeiros trimestres de 2014 respecto a 2013:

- número de asuntos ingresados a 1 de outubro de 2013: 531
- número de asuntos ingresados a 1 de outubro de 2014: 610

De feito, polo número de asuntos ingresados en relación co resto das audiencias civís, no segundo trimestre de 2014 a sala sexta da Audiencia de Pontevedra sitúase no número 17, sucedendo que na maioría das seccións con máis asuntos ingresados se ten competencia exclusiva en familia e é este motivo o que ten como consecuencia que teñan máis ingresados.

Polo tanto, co actual nivel de entrada é indispensable a creación dunha quinta praza de maxistrado titular na sección sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo e, así evitar un novo colapso da sección.

Destes feitos é plenamente consciente a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que durante anos veu reclamando a creación da mencionada praza e así consta na Memoria Anual da institución.

Tamén teñen pleno coñecemento da situación salientada o Ministerio de Xustiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial como o mostra que no período xuño de 2010 e xuño 2012 se aprobouse o reforzo da sección con dous maxistrados en comisión de servizos e dende xuño de 2012 e ata a actualidade segue en comisión de servizos 1 maxistrado.

Estes reforzos lograron rebaixar o nivel de pendencia que chegou a superar os 1.650 asuntos e o de resposta en segunda instancia que alcanzaba os dous anos e que pasou a 14 meses, sendo aínda moi elevado.

Se o exposto non fose causa abondo para que se cree unha nova praza na sección sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, hai que engadir que aínda están por recibir as apelacións do xulgado de preferentes que se creou en setembro de 2013 e que debido ao tempo de sinalar xuízo, ditar sentenza e tramitar a apelación, aínda non entraron na sección.

Ademais, a recente reforma operada pola Lei 11/14 do artigo 695.4 da LEC supoñerá, sen dúbida, aínda un maior aumento dos asuntos. Esta reforma establece a posibilidade da apelación ao executado no que atinxe ás cláusulas abusivas de contratos bancarios sen ningún tipo de corta pisas (antes só ao banco executante).

Engadir, tamén que nos referimos a un partido xudicial cunha densidade de poboación de 2.711, 17 habitantes por quilómetro cadrado (só superado por Ceuta, Melilla e Barcelona), o segundo en índice de litixios a nivel nacional, cun índice moi baixo de conxestión, o que conta con maior poboación de Galicia, maior número de oficinas bancarias da comunidade, vehículos matriculados e un longo etcétera de ítems que aconsellan unha axeitada atención xudicial.

Por último recordar que a Comisión Permanente do CGPJ celebrada o 14 de outubro de 2014 acordou que era necesario crear unha nova praza na sección sexta da

Audiencia Provincial con sede na cidade de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa o Ministerio de Xustiza do Goberno de España para solicitar a creación dunha nova praza de maxistrado na Sección sexta da Audiencia Provincial con sede en Vigo, mantendo a proposta de crear unha nova praza na sala quinta da Audiencia Provincial con sede en Vigo.
- 2.- Instar ao Ministerio de Xustiza a manter a proposta de crear unha nova praza de maxistrado para a Audiencia Provincial de Pontevedra, con sede en Vigo para a orde xurisdiccional penal.
- 3.- Instar ao Ministerio de Xustiza a crear unha nova praza de maxistrado para a Audiencia Provincial de Pontevedra, con sede en Vigo para a orde xurisdiccional civil.

DEBATE.-

PRESIDENCIA: Hai unha moción urxente presentada polo Grupo Socialista, que se lle parece aos voceiros someteríamos a debate e votaríamos a urxencia despois.

SRA. SILVA REGO: Dende o Goberno de España estase propoñendo a necesidade de adecuar a planta xudicial ás necesidades xudiciais existentes no noso país. A Xunta de Galicia, con data de 24 de setembro de 2014 diríxese ao Ministerio de Xustiza no ámbito de esta modificación que ten previsto levar a cabo o Goberno de España, o Ministerio de Xustiza en concreto, solicita diferentes prazas de maxistrados para diferentes audiencias provinciais en Galicia e para a cidade de Vigo, simplemente propón a creación dunha nova praza de maxistrado para a Audiencia provincial de Pontevedra con sede en Vigo, para a Orde xurisdiccional penal.

Resulta incomprendible que a Xunta de Galicia só pida esta praza de maxistrado no ámbito penal e que non o pida no ámbito civil, na sala 6ª, e por que digo que resulta incomprendible? Pois porque a sala do civil da Audiencia provincial con sede en Vigo é unha sala cun dos maiores ratios de dependencia en España porque o propio Consello Xeral do Poder Xudicial en 2013 marcou como límite de asuntos que deberían ver as salas o de 817 e Vigo é unha das poucas seccións civís de España que en 2013 xa tivo máis asuntos que o Consello Xeral do Poder Xudicial propón como óptimos. Pero non só iso senón que neste ano 2014 xa hai un

importante repunte de asuntos ingresados nesa sala e iso que aínda non se modificou a Lei de taxas e que polo, tanto está facendo que a xente non presente apelacións. Se isto non fora suficiente, teño que lembrarlles que levamos xa moitos anos é unha demanda histórica que haxa novas prazas de creación nesa sala do civil da Audiencia Provincial con sede na nosa cidade. Veno reclamando a sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia así aparece na súa memoria como seguramente todos vostedes saben e de feito, entre o ano 2010 e 2012 aprobáronse dous reforzos para esa sala e dende 2012 hai un reforzo para esa sala. Pero o máis grave é o que está por vir, esa sala é a que ve o asuntos das preferentes, moitos dos homes e mulleres que viron como os seus aforros quedaron perdidos por enganados por parte do sistema financeiro, están pendentes de que a súas reclamación cheguen a esta sala, e polo tanto haberá un número moi importante de novos asuntos, pero non só iso senón que tamén é a sala que ten quen resolver o asunto das cláusulas abusivas dos contratos bancarios, se non se reforza cunha nova praza esa sala, os preferentistas e as persoas que tiveron cláusulas abusivas nas súas hipotecas verán un colapso que impedirá que se resolvan as súas xustas reclamacións.

A isto hai que engadirlle que Vigo é o Partido Xudicial cunha densidade de poboación de 2.711,10 habitantes por quilómetro cadrado, o segundo en índice de litixios a nivel nacional, que ten uns grandes profesionais que fan un enorme esforzo para que se poidan resolver os problemas da cidadanía pero que se non se resolve a creación desta nova praza volverán estar en colapsos que poden superar os dous anos. Eu hoxe, o que propoño neste Pleno é que por unanimidade nos dirixamos ao Ministerio de Xustiza para reclamar que se crea esta praza porque é fundamental para a vida das persoas, é fundamental para solventar os problemas das viguesas/es, o Alcalde xa se dirixiu ao Ministerio de Xustiza, tamén aos axentes xudiciais, agora tócalle a este Pleno facelo tamén.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Creo que na propia moción explícase perfectamente cales son esas reivindicacións que efectivamente son históricas na nosa cidade e o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esas reivindicacións e esta moción. Pareceranos ben sempre e apoiáramos sempre que se trate de achegar a xustiza á cidadanía en xeral, de facer unha xustiza moito máis accesible para todos/as, en

contra do que está facendo o Partido Popular dende o Goberno do Estado coa complicidade clara e absoluta da Xunta de Galicia que é recorte tras recorte e facer evidentemente que a xustiza hoxe non sexa un dereito universal senón que sirva única e exclusivamente para defender aos que máis teñen.

Dentro de esta política Vigo loxicamente non é alleo a este discriminación, non é alleo a falla de medios e aos recortes que o Partido Popular tamén aquí en materia de xustiza estanos incidindo.

E digo que non é alleo por xa dende a nosa deputada no Parlamento estatal e tamén dende os nosos deputados/as no Parlamento galego, o Bloque Nacionalista Galego ten presentado numerosas iniciativas e proposicións precisamente para intentar que temas tan importantes como é a defensa e sobre todos daqueles que menos teñen, se solucione.

Polo tanto, eu creo que dende o Bloque Nacionalista Galego pouco máis que engadir, ogallá creemos moitas máis salas na nosa cidade, teñamos moitos máis xuíces, maxistrados na nosa cidade porque iso redundará na calidade asistencial en materia de xustiza para todos os vigueses/as.

Aproveitando esta moción o que a min se que me gustaría preguntarlle ao Sr. Alcalde e o Sr. Figueroa, onde imos meter todas estas salas que imos seguir reclamando, porque a día de hoxe e despois dese pacto tan sobranceiro do Partido Popular e do Partido Socialista, chégannos noticias moi contraditorias sobre o futuro da Cidade da Xustiza, cidade que se financiou ou se intentou financiar vendendo pisos que podían ser adicados evidentemente a outras tipos de persoas, venda que non foi loxicamente arriba como todos sabemos, e por outra parte tamén temos noticias de que parece que a Xunta nin sequera no seus Orzamentos contempla esa Cidade da Xustiza.

Polo tanto, Sra. Silva, de acordo plenamente con vostede nestas reivindicacións que imos apoiar, pero tamén lle pediríamos a este Goberno e ao Partido Popular, ao Sr. Figueroa, que axilicen dunha vez por todas esa Cidade da Xustiza que vostedes prometeron á cidadanía cando asinaron ese pacto Orzamentario.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sorpréndeme Sra. Silva, agora a súa preocupación pola xustiza xa que levan sete anos e medio gobernando na cidade e a súa actitude ata agora co asunto da Cidade da Xustiza, como ben dicía o Sr. Domínguez, non é máis

que o reflexo dunha forma de actuar torticera, a través de mentiras, de manipulacións, de enredos e en definitiva de poñer todo tipo de trabas e de obstáculos para que unha administración que xestione o Partido Popular que quere investir na cidade de Vigo facendo un edificio, pois non invista en Vigo, o que pasa é que a vostedes encántanlles ir de vítimas e votarlle as culpas ao Partido Popular. Tamén sorpréndeme agora ese interese polas preferentes e polo asunto dos estafados polas preferentes porque gustaríanos saber que fixeron vostedes, que fixo o Partido Socialista para arranxar o asunto das preferentes? Que fixeron vostedes para arranxar esas cláusulas solo? Que fixeron vostedes para impedir que os xestores das caixas de aforros quebradas se fosen con indemnizacións millonarias, eu non sei se lle soa un señor que se chamaba Miguel Angel Fernández Ordóñez que era o Presidente do Banco de España e que tiña esa responsabilidade. Vostede pide máis maxistrados para a Audiencia Provincial, e xusto é neste momento recoñecer en primeiro lugar que foi un goberno do Partido Popular quen creou en Vigo as dúas seccións da Audiencia Provincial, un goberno presidido polo Sr. Aznar do cal era Secretario de Estado de Xustiza o que hoxe é Ministro de Xustiza o Sr. Catalá, que como ben di o Alcalde da cidade, sempre se portou ben con esta cidade e non temos ningunha dúbida de que o seguirá facendo. Tamén di vostede na súa moción, e di ben, cando fala que está en revisión a Lei orgánica do poder xudicial, que pasa tamén pola idea de reformar a Lei de demarcación e planta, e neste asunto que non é un tema menor, non xorde agora que goberna o Partido Popular, senón que xa foi un proxecto moi defendido por vostedes os socialistas cando gobernaban en Madrid, vostedes defenderon que había que cambiar a xustiza, gastaron moitos recursos e cartos en facer informes, estudos e comités de expertos pero ao final non cambiaron absolutamente nada. Lémbrolle que o Sr. Camaño, co que parece que agora vostedes non se levan moi ben os do Partido Socialista de Vigo e os de Galicia, agás algúns de A Coruña, cando era Ministro de Xustiza no seu Plan para a modernización da xustiza 2009-2012, dicía que había que superar o modelo de Partido Xudicial como a base do modelo actual. E hai que recoñecer que gracias ás xestións ao máis alto nivel do Presidente da Xunta de Galicia e tamén do Presidente do Partido Popular de Vigo, o Sr. Figueroa, Vigo vai manter o seu Partido Xudicial, gracias ao Sr. Feijóo e ao Sr. Figueroa, Vigo vai manter o seu Partido Xudicial, porque vostedes o único que

fixeron foi quitarlle unha foto cunha coral na Porta do Sol, iso foi o único que fixeron para defender o Partido Xudicial de Vigo.

Entrando na moción, o Goberno do Partido Popular ao igual que reformou o sistema financeiro, o mercado laboral, que reformou todo o que tiña que reformar neste país que estaba que se caía, tamén vai reformar a xustiza para ir cara unha xustiza máis áxil, eficiente e mellor, porque todo o mundo sabe que unha xustiza lenta non é xustiza.

Respecto a súa moción, non fala de recortes, di que xa o Ministerio vai poñer un maxistrado máis en Vigo pero vostede non quere un, quere dous, todos queren máis, nós tamén estamos de acordo en que é mellor dous que un, mellor que na sección sexta, que xa ten catro maxistrados que o normal que en tódalas seccións son tres maxistrados, vostede quere non catro, quere cinco, o resto ten tres. Xa sabe que na sección quinta vaise poñer un carto maxistrado máis. Por iso dende o Partido Popular todo o que é bo para Vigo ímolo apoiar e imos votar a favor.

SRA. SILVA REGO: Sr. Fidalgo dígalle a quen lle escribiu a intervención que faga todo o posible por que vostede non veña aquí a facer o ridículo. Dígalle vostede a quen lle escribiu esa terrible intervención chea de falsidades e de mentiras que non lle obrigue a vostede a facer o ridículo no Pleno do Concello de Vigo.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo a vostede ninguén o interrompeu, fixo a súa intervención, vostede está interrompendo sen parar, garde silencio por favor.

SRA. SILVA REGO: Quen reforzou o sistema xudicial en Vigo foi o Partido Socialista, entre outros o Sr. Camaño que foi o que decidiu no 2010 que nesa sala quinta do civil, onde os cidadáns van resolver os seus problema, houbera dous reforzos, pero non se trata de poñer agora na balanza quen fixo máis ou quen fixo menos, dende logo vostedes nada, vostedes no tema da xustiza, taxas para que a xente non poida ter acceso libre, gratuíto e universal a defender os seus dereitos, iso foi o que fixeron vostedes cando gobernaron, dende o 2011, tanto é así, tan cuestionado estaba o seu ministro de xustiza, o Sr. Gallardón que o tiveron que votar porque se vostedes están polo chan en apoio popular polos recortes en Sanidade, en educación, en dependencia, en xustiza, o Sr. Gallardón poñíaos polo subsolo.

Eu non estou pedindo unha praza máis, pídeno as cidadás/áns de Vigo, os preferentistas, os homes e mulleres que teñen cláusulas abusivas e que teñen que ir a pedir á xustiza a que se recoñezan os seus dereitos, pídenos os maxistrados de Vigo, os xuíces, os secretarios xudiciais, pídeno as asociacións de xustiza, pídeno eles. Non teña vostede cara dura, e dígollo con todo o cariño e respecto, porque a Cidade da Xustiza, as competencias en xustiza son competencia exclusiva da Xunta de Galicia, que se negou a construír en Vigo unha cidade da xustiza pero que si a construíu en A Coruña, que o saiba a xente de Vigo que en A Coruña si que se construíu unha cidade da xustiza, e que aquí obríganos a poñer cartos dos vigueses e que non lle imos dar ningún argumento para que non a constrúan.

Sr. Domínguez cando en Pontevedra haxa mil axudas de aluguer para as persoas que non teñen onde vivir, vostede pode falar comigo de alugueres e vivendas, mentres tanto vostede a min nin unha soa lección, nin a min nin ao meu grupo, nin unha soa lección de política de vivenda. Falo con toda a paixón que me parece porque os dereitos son paixón.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase tratala na orde do día.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2014 (Rex. Nº 998/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(190).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de setembro e 23 de outubro de 2014.

1.2(191).-DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de setembro e 23 de outubro de 2014.

1.3(192).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 13.10.2014, DELEGANDO AS COMPETENCIAS DA ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS, PATRIMONIO E ECONOMÍA E FACENDA NO CONCELLEIRO D. CARLOS LÓPEZ FONT, DO 16 AO 23 DE OUTUBRO DE 2014. EXPTE. 988/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 13 de outubro de 2014, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución,

“Mediante Resolución de data 29 de xullo de 2014 desta Alcaldía delegouse na concelleira D^a M^a Carmen Silva Rego a Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda nos termos e condicións que na mesma se recollen en sen prexuízo da superior dirección, política, goberno e coordinación dos servizos corporativos que corresponde a esta Alcaldía.

Con motivo da ausencia da citada membro do goberno do día 16 ao día 23 outubro de 2014, ambos inclusive, procede avogar dita delegación, e encomendar a xestión da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda ao concelleiro D. Carlos López Font.

De conformidade co sinalado no artigo 124.4 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 13 de abril, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local e, de acordo cos artigos 43 e seguintes do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

Primeiro.- Avogar a competencia delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda na concelleira D^a M^a Carmen Silva Rego durante a súa ausencia do día 16 ao 23 de outubro de 2014, ambos incluídos.

Segundo.- Delegar en D. Carlos López Font, as competencias municipais en materia de Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda nos termos sinalados na Resolución do 29 de xullo de 2014.

Terceiro.- A presente Resolución terá efectos do día 16 ao día 23 de outubro de 2014.

Cuarto.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros e demais persoal interesado e dar conta dela mediante a intranet municipal.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da corporación aos efectos de que quede informado da mesma.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO

REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

4.- MOCIÓNS.

4.1(193).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DE MEDIDAS URXENTES PARA A MELLORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 991/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro de 2014, número 991/1101, a voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

"A situación dos servizos sociais do Concello de Vigo é cada vez máis grave e preocupante. Nunha situación de crise como a que estamos atravesando, cunha elevada taxa de desemprego e con continuos recortes sociais e nos servizos públicos por parte das administracións estatal e autonómica gobernadas polo PP, a cantidade de persoas que se ven na obriga de acudir aos servizos sociais municipais é cada vez maior. Son moitas as persoas que chegan en situacións desesperadas, sen ingresos ou con ingresos demasiado baixos para facer fronte aos gastos básicos, de primeira necesidade. Estes cidadáns e cidadás atópanse cuns servizos incapaces de absorber e atender tal demanda, con retrasos intolerables na atención e na tramitación dos expedientes por falta de persoal que se faga cargo dun traballo fundamental nestes momentos para intentar garantir os dereitos básicos das persoas.

Esta situación foi denunciada por usuarios e usuarias, por distintos colectivos sociais e polo propio persoal da concellería desde hai xa moito tempo. Nun escrito con data de 18 de decembro de 2013, o xefe de área de política de benestar traslada os problemas dos servizos sociais á concelleira de política de benestar. Indica que a ratio establecida por lei é unha traballadora social cada 8000 habitantes mentres que en Vigo é dunha traballadora social por cada 17500 habitantes. A pesares dos enormes esforzos de todo o persoal ao longo dos últimos tempos os retrasos foron agravándose pola ausencia de resposta ás demandas de persoal que xa foran transmitidas nun escrito do 12 de xuño de 2013. A finais de maio o retraso medio en tramitación de expedientes era de algo máis de dous meses e en cita previa tres semanas ou un mes, en decembro os retrasos xa chegaban a tres meses no primeiro caso e de entre 33 e 57 días no segundo. Para poder solucionar esta situación reclamábase a contratación urxente de 17

traballadoras sociais e 7 auxiliares administrativas.

Outro escrito do persoal de benestar social dirixido ao alcalde o 16 de maio de 2014 insiste na gravidade da situación que fai imposible atender a demanda cidadá por falta de recursos humanos e técnicos. O propio persoal vese afectado pola presión que supón o aumento da demanda e a falta de recursos que provoca unha precarización e unha inseguridade cada vez maiores nos postos de traballo, aumentando as baixas que, ademais, non se cobren por parte do concello agravando aínda máis a situación.

Ademais da mala atención no día a día, a situación actual do departamento reflíctese nas axudas convocadas polo concello, como as bolsas de comedor ou as axudas sociais que se resolven con grandes retrasos, tal e como indican os informes de intervención en ambos expedientes provocando graves prexuízos á cidadanía.

A resposta do goberno fronte a esta situación foi a de aplicar pequenos parches absolutamente insuficientes, case ridículos dada a situación.

E da oferta pública de emprego, que incluíría 7 prazas de traballadoras sociais, en principio prevista para o mes de outubro de 2014, nada se sabe.

O goberno négase a debater esta cuestión e non toma medida ningunha para resolver a situación de colapso dos servizos sociais cando deberían ser, especialmente nestes momentos, unha prioridade.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- Instar ao goberno municipal a adopción de medidas urxentes para a solución do colapso dos servizos sociais do concello de Vigo dotándoo de todos os recursos humanos e técnicos precisos para responder ás necesidades da cidadanía e cumprir coa lexislación vixente en materia de servizos sociais.

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Presentamos dende o Bloque Nacionalista Galego esta moción para este Pleno porque estamos vendo como a situación dos Servizos Sociais deste Concello cada vez é máis preocupante, hai un colapso cada vez máis importante, e é necesario adoptar medidas urxentes para solucionar esta situación porque a

situación de crise económica e social que estamos vivindo nesta cidade non deixa de medrar, vimos os datos da EPA nos que aumentan o número de persoas desempregadas na nosa cidade e ademais despois de tanto tempo nesta situación, as familias da nosa cidade cada vez están en situacións máis graves, incitantes e necesitan unha axuda máis rápida e urxente por parte das administracións.

Nós somos plenamente conscientes de que hai administracións que teñen responsabilidades nesta situación, que a Administración do Estado e fundamentalmente a Administración Autonómica ten unha responsabilidade importante na situación que estamos atravesando, tanto na situación de crise económica, tanto na situación de falla de emprego como na situación dos recortes sociais constantes e da perda de servizos públicos constantes. Pero a realidade é que fronte a esta situación e fronte a esta política do Partido Popular, o Partido Socialista, o Goberno desta cidade, debería facer fronte poñendo en marcha medidas urxentes para poder atender ás demandas da cidadanía. Ademais de cuestións orzamentarias si é certo que houbo unha diminución dos recursos nos orzamentos de 2014 para os Servizos Sociais, pero é que ademais das cuestións orzamentarias hai que contar con persoal para poder xestionar os recursos cos que se conta no Concello, se é certo que hai recursos económicos pero agora mesmo os recursos humanos e os técnicos son claramente insuficientes, e esta non é unha situación nova.

O 18 de decembro de 2013, o xefe da área de Política de Benestar xa asinaba un escrito no que trasladaba os graves problemas dos Servizos Sociais á concelleira de Política de Benestar, facía referencia á ratio de traballadoras sociais por habitante que legalmente ten que ser dunha traballadora social por cada 8.000 habitantes e que en Vigo é dunha traballadora social por cada 17.500 habitantes, é dicir, máis do dobre. Isto supón que a pesares dos enormes esforzos das traballadoras sociais que nos constan, realmente sexa moi difícil facer fronte a unha situación que é moito máis grave que hai uns anos e no que hai moita máis demanda por parte da cidadanía.

A finais de maio, o atraso medio en tramitación de expedientes era de algo máis de dous meses, e en cita previa tres semanas ou un mes, pero agora mesmo xa supera o mes. Unha persoa que precise unha axuda de emerxencia ten que agardar máis dun mes para falar coa súa traballadora social, e esta é unha situación

realmente insostible, hai moitas persoas que non poden agardar máis dun mes porque están sufrindo situacións graves con falla de recursos para a alimentación básica, para pagar os recibos da luz ou da auga, para pagar o aluguer que se están vendo fora das súas casas, que se están vendo na rúa, e cunha cita para unha traballadora social para dentro de máis dun mes.

Hai tamén un escrito do persoal de Benestar Social dirixido ao Alcalde, do 16 de maio de 2014, no que insisten na gravidade da situación e da falla de recursos técnicos e humanos para facer fronte a esta situación, a cada vez máis alta demanda da cidadanía. Hai grandes atrasos, falla de recursos, hai unha precarización e unha inseguridade cada vez maior nos postos de traballo das traballadoras sociais, aumentan as baixas que non se están cubrindo por parte do Concello, e vémosto na atención cotiá do día a día, tero tamén nesas axudas extraordinarias que se convocan como as bolsas de comedores escolares ou as axudas de emerxencia social, que están sufrindo atrasos na súa resolución que superan os límites legais, están sufrindo atrasos na súa resolución de máis de tres meses, atopándonos como nos atopamos, co curso escolar empezado e as bolsas de comedor sen resolver ou chegando a finais de ano e as axudas sociais sen cobrar aínda por parte de moitas persoas.

Fronte a esta situación foron poñéndose parches, hai unha oferta pública de emprego que incluíría sete prazas de traballadoras sociais da que aínda non se sabe nada e estaba previsto que se celebrase en outubro de 2014 e por iso nós instamos ao goberno municipal á adopción de medidas urxentes para a solución do colapso dos Servizos Sociais.

SRA. CENDÓN ALONSO: Parécenos moi grave a situación que está a denunciar o persoal que traballa en Benestar Social neste Concello, unha situación que non é nova, como dicía a Sra. Veloso é mantida no tempo que afecta a tódolos colectivos do departamento de Benestar e que denuncian tamén ós responsables deste departamento, isto é inaudito. A inacción da concelleira de Benestar levou aos traballadores a dirixirse ao Alcalde desta cidade en cartas das que acaba de enumerar a compañeira e que falan dunha situación insostible, colapso no que se atopa o servizo de Benestar Social do Concello de Vigo que imposibilita dar resposta aos dereitos básicos dos cidadáns, isto é o resumo das situacións que se

denuncian nesas cartas.

Xa referiu a Sra. Veloso, atrasos de máis de seis meses para citas, falla de coordinación entre os distintos departamentos municipais para levar a bo fin os expedientes, isto é moi grave, falla de coordinación entre os departamentos municipais, isto é un erro de xestión que denuncian os propios traballadores, de desprotección dos usuarios avogados a situacións de alto risco, como desafuzamentos, quebranto dos dereitos cidadáns, xa o enumerou todo a Sra. Veloso.

En definitiva, avogamos aos usuarios á exclusión social, pero isto non é novo porque parece que a este goberno municipal é o que lle motiva, a exclusión social, de feito só temos que remitirnos ao programa Sereos que tantas veces denunciámos aquí e seguen nesa situación perpetua.

Con esta situación denunciada na carta que ten enriba da mesa o Alcalde Sr. Caballero, realiza declaracións grandilocuentes da bondadosa política social practicada en Vigo, anuncia a posta en marcha dun programa de axudas extraordinarias sen os medios persoais precisos para resolvelas en prazo, de feito esgotouse o mesmo sen resolución do expediente, a pesares do gran traballo que realizaron os funcionarios. Someter a un persoal xa previamente sobrecargado a este esforzo adicional raia no abuso escravista, nin máis nin menos.

Esiximos unha explicación, queremos saber se o Alcalde recibiu a este persoal que solicitaba unha entrevista e cal foi a solución que se propuxo nesa reunión se a houbo. Os escritos do persoal son claros ao respecto do incumprimento da legalidade nos ratios de atención ou na inseguridade fronte aos conflitos, pero o incremento do absentismo no departamento merece un estudo de seguridade laboral, porque están a reflectir unha clara situación de síndrome de Burnout. Un síndrome de esgotamento físico e emocional frecuente en traballadores en contactos con usuarios, en contacto cos problemas dos usuarios. Están sometidos a estrés constante, sobrecarga laboral e emocional, inseguridade e pressing, estes traballadores ademais de verse avogados as baixas laborais, modifican as súas actitudes, perden a alegría, a motivación, móstranse distantes cara o traballo, sofren depresión e o seu comportamento redunda nunha pésima prestación dos servizos. Se a concelleira de Benestar e o amado líder o Sr. Caballero non son capaces de percibir indicios de traballadores queimados neste departamento,

recoméndolles que lean a Graham Greene.

Sra. Veloso sen dúbida imos apoiar esta moción.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non ten vergoña co que acaba de dicir, non sabe nin sequera o que é a Lei de Estabilidade Orzamentaria, nin as competencias do Concello e as da Xunta de Galicia, non ten nin idea nin lle preocupa como se van a quedar absolutamente tódalas persoas sen prestación de ningún tipo coa reforma da administración local. Impórtanlle un pemento, o que reborda é moito rancor.

Sra. Veloso, vostede como eu, coñece perfectamente o Decreto 99/2012 onde fala da cofinanciación dos servizos sociais regulados nese decreto e onde sabe perfectamente que o Servizo de Axuda no Fogar, co programa de infancia e familia, etc. ten que estar obrigatoriamente ou debería de estar ou se recoñece a obrigatoriedade da cofinanciación por parte da Xunta de Galicia e onde debería como mínimo cofinanciar o 33%, falo do persoal, e o único que está cofinanciando non chega nin sequera ao 15%, responsabilidade da Xunta de Galicia, Sra. Cendón que non cofinancia os servizos. Pero a pesares diso e de tódalas demagoxias que vostede poida facer, é o Concello de Vigo o que máis inviste, o que máis está investindo en políticas de Benestar. Xa sei que non chega, que fai falla moito máis pero quizais tiñan que ir a Pontevedra a investigar porque non están investindo nada cando o Concello de Vigo está investindo 17,1%, de xente que está aquí protestando, quizais teñan que pasar a fronteira e recoñecer a dilixencia dos Servizos Sociais do Concello de Vigo á hora de atender aos máis necesitados. Quizais teñamos que recoñecer que cada semana, a pesares de todo, estanse dando axudas nunha media de 20.000 euros que están solucionando o problema da Xunta de Galicia. Lémbrolles aos que están aí falando, a todos vostedes, que me escoiten un momento, o programa Aluga responsabilidade da Xunta de Galicia, que deixa na rúa a tódalas persoas que non poden asumir o aluguer, están pagando o Concello de Vigo. Os Servizos Sociais do Concello de Vigo son os que están atendendo ás persoas a través de Axudas de Emerxencia para que non teña que ir a rúa e non sexan desaloxadas.

Por certo, unha moción presentada polo grupo socialista pedindo que se prorrogara Aluga o Partido Socialista o Grupo de Goberno do Concello de Vigo acaba de dar dous millóns de euros para que a xente non vaia a rúa, facéndose cargo dos

alugueiros e das hipotecas, do recibo da luz e do gas para que as persoas se queden sen calefacción, facéndose cargo da alimentación para que as persoas poidan comer, por certo a través dunha “tarxeta da dignidade” que poden ir aos establecementos de alimentación, saben perfectamente o que estou dicindo, repito só se pode utilizar nos establecementos de alimentación, estanme entendendo perfectamente. Ademais diso está o Concello de Vigo achegando a tódolos comedores sociais, a tódalas ONG que se están adicando a axudas de emerxencia, Banco de Alimentos, Afán e comedores sociais, a todos. Tamén fomos capaces de abrir un Centro de Emerxencia Social cun comedor que da comidas, almorzos e cenas todo a cargo do Concello de Vigo, quizais Sra. Veloso se lle pedira á Xunta de Galicia que asumira as súas competencias os cartos que o Concello de Vigo está adicando na atención ás adicións que está só o Concello de Vigo achegando cartos para a atención a Cedro competencia da Xunta de Galicia, quizais poderíamos aumentar o Orzamento.

A pesares de todo iso, é o Concello de Vigo, Sra. Cendón, estamos pagando ás persoas os medicamentos.

SRA. VELOSO RÍOS: A Sra. Abelairas non fixo referencia a unha emenda de engádeda que nós trasladaron dende a mesa, na que se propón “instar á Xunta de Galicia a cofinanciar o proxecto anual de servizos comunitarios municipais para destinar precisamente a este cantidade de máis de tres millóns de euros á dotación de persoal de Benestar Social”, nós por suposto aceptamos esta emenda porque o Bloque Nacionalista Galego reclama da Xunta de Galicia e xa o fixen ademais na primeira exposición desta moción, reclama á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias e que deixe de recortar nos servizos sociais, que deixe de recortar plans como o Plan Aluga que nós tamén apoiamos que se recupere. Evidentemente esta situación non é casualidade, a situación que estamos atravesando é responsabilidade fundamentalmente do Partido Popular e aí coincidimos, pero nós estamos aquí para reclamar solucións e queremos solucións por parte de tódalas administracións que poidan facelo.

Por desgraza este é un máis dos problemas que temos nesta cidade que seguen sen resolverse mesmo despois dun acordo orzamentario entre o Partido Popular e o Partido Socialista, igual que a teleasistencia tivo que asumila este Concello e non a

asume a Xunta de Galicia tal e como nós a reclamamos, as axudas sociais básicas tamén a está asumindo este Concello e a pesares dese acordo a situación segue a estar sen resolverse. Por iso, nós aceptamos a emenda pero insistimos en reclamar do Goberno desta cidade que atenda aos cidadáns/ás de Vigo, igual que apoiaríamos a calquera outro partido en calquera outra cidade que o fixese, pero nós aquí en Vigo reclamamos que se atenda á cidadanía. Evidentemente hai moitas persoas aquí que tamén o están reclamando e que están facendo chegar a súa opinión, a min gustaríame tamén que o Alcalde moderase este Pleno para que todo o mundo tivésemos a oportunidade de dar a nosa opinión, tanto as persoas que están intentando facelo agora mesmo dende a parte do público como os concelleiros/as que estamos aquí. É unha cuestión básica democrática, que aquí cada quen poidamos expresar a nosa opinión e reclamar as necesidades da cidadanía e neste caso está moi claro que hai unha necesidade urxente que está sen cubrir por este Concello.

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, presenta a seguinte emenda de engádeda

Engadir o seguinte texto ó parágrafo de acordos:

.- Instar á Xunta de Galicia a cofinanciar o proxecto anual de servizos comunitarios municipais, como o mínimo que esixe o concello que é o 33% (3.199.649 euros). Este incremento de financiamento destinarase integramente á dotación de persoal de Benestar Social.

Ao seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. Veloso Rios, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.

VOTACIÓN DA EMENDA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase engadir a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o

seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.10.2014 (Rex. Nº 991/1101), pola voceira do grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, coa emenda de engádeda presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, co seguinte texto:

1.- Instar ao goberno municipal a adopción de medidas urxentes para a solución do colapso dos servizos sociais do concello de Vigo dotándoo de todos os recursos humanos e técnicos precisos para responder ás necesidades da cidadanía e cumprir coa lexislación vixente en materia de servizos sociais.

2.- Instar á Xunta de Galicia a cofinanciar o proxecto anual de servizos comunitarios municipais, como o mínimo que esixe o concello que é o 33% (3.199.649 euros). Este incremento de financiamento destinarase integramente á dotación de persoal de Benestar Social.

4.2(194).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A AMPLIAR OS HORARIOS DA PINACOTECA E DO RESTO DOS ESPAZOS EXPOSITIVOS DA CIDADE. EXPTE. 989/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro de 2014, número 989/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“O Concello de Vigo investiu no pasado mandato máis de catro millóns de euros na adquisición e rehabilitación dos inmobles destinados á nova Pinacoteca de Vigo que albergaría as coleccións de pintura galega que ata o momento custodiaba o Museo Municipal Quiñones de León e que non era posible mostrar pola falla de espazo no mesmo.

Tras este gran investimento Vigo podería ofrecer como un dos grandes valores culturais e turísticos un plan de acción sobre o Patrimonio Artístico da cidade, dende os xacementos arqueolóxicos ata os extraordinarios contidos so seus museos. Estes espazos expositivos, non ofrecen un horario que permita a visita dos Vigueses e os que visitan a nosa cidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

" Instar ao goberno municipal a ampliar os horarios da Pinacotea e do resto dos espazos expositivos da cidade de xeito que poidan ser desfrutados polos vigueses e visitantes."

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. RELOVA QUINTEIRO: Vanme permitir que expoña un estraño exemplo antes de comezar a miña exposición e que a priori podería non ter nada que ver coa moción que presenta o Grupo Municipal do Partido Popular. O ano pasado levouse a cabo un experimento, deixouse ao aire nun laboratorio fotográfico durante 145 días unha hamburguesa dunha famosa cadea para observar que pasaba durante todo este tempo. A sorpresa ao finalizar este experimento foi maiúscula, que lle pasou á hamburguesa despois de estar exposta seis meses ao aire? Nada, non pasou nada, permaneceu inalterable.

Desculpen esta introdución pero hai dous anos, en setembro de 2012, o Grupo Municipal presentou unha moción para que se ampliase o horario da pinacoteca, aprobouse por unanimidade por parte de todo o Pleno, que pasou despois de máis de 730 días, nada, a pinacoteca segue abrindo en horario vampírico ou taciturno. O Grupo Municipal do Partido Popular volve de novo a presentar ante este Pleno para propoñer un tema de máxima preocupación e que leva consigo unha vez máis un abandono das sinais de identidade e patrimonio da cidade de Vigo.

É urxente, moi urxente propoñer e reestruturar a política da rede museos, coleccións e práctica educativa. Vimos, ou mellor dito padecido, como a colección da pinacoteca inaugurada hai máis de tres anos só abre en horario de seis a nove

da noite, horario intempestivo para calquera museo do mundo, ao igual que o total abandono da súa promoción por parte do Concello. Foron máis de catro millóns de euros de investimento no edificio con apenas un número importante de visitas e o que é peor, este verán coa chegada de miles de cruceiristas dende que chegan ás nove da mañá ata as cinco da tarde, non teñen opción de visitar o museo que prometía ser a gran xoia da coroa, e nunha situación impecable para proxectar o Casco Vello e o patrimonio creativo da nosa cidade.

Isto súmase ao cúmulo de despropósitos nos horarios de verán doutros museos que ven reducida a súa apertura ao público xusto na época en que máis visitantes recibe a nosa cidade. O abandono do noso gran museo Quiñones de León cunha estrutura de goberno envellecida e cuns estatutos obsoletos de 1981, padece o esquecemento máis inxusto, todo permanece igual, igual que hai dous anos que se nos dixo que todo ía ben e que todo abriría, pero o certo é que levamos máis de tres anos asistindo ao desmantelamento cultural da cidade e do seu patrimonio, o Goberno municipal caeu nunha antropofaxia cultural.

Sinceramente en calquera lugar do mundo é necesaria unha planificación da rede de museos e non unha entretecido de mentiras que destrúen emprego e a ilusión da cidadanía. Xa que estamos ao borde da noite dos mortes infórmolles que non atopei ningún museo no Estado español con estes horarios e tampouco en Europa, excepto en Transilvania, cidade na que o Museo do Conde Drácula por razóns obvias abre pola noite.

Lembrarán que neste Pleno presentouse un plan de acción cultural por parte do Partido Popular no que se contemplaban estas situacións e posibles solucións, en síntese, a implicación entre políticas culturais e de fomento ás industrias culturais deber garantir o desenvolvemento económico como as condicións para que as distintas culturas teñan a oportunidade de expresarse dende os seus propios contextos.

A confluencia de obxectivos entre ámbalas políticas en favor da equidade e diversidade cultural poderá contribuír a lograr que as entidades se fortalezan e que a circulación de bens e servizos sexa equitativa e se poña o servizo do diálogo o intercambio e enriquecemento entre culturas. A clave da innovación pasa por extraer vantaxes competitivas derivadas da súa unidade lingüística e cultural, na cultura áchase e sedimento do que brota a enerxía creativa das empresas e as

nacións, pero máis alá do importante que resulta compartir os mesmos valores, convén fixarse nas transformacións que se están producindo na xeopolítica da cultura. O auxe dos países emerxentes reconfigurou o mapa das industrias creativas e de contidos, propiciando a apertura de novas redes de intercambios acollendo a capitais artísticas nacentes.

Eu só quero dicirlle que na pasada inauguración a que lle felicito, Sr. Rodríguez Escudero, da Colección Granel, ao Quiñones León, ao seu director, aos seus traballadores e apelo a unha política sen complexos ideolóxicos, a unha política do sentimento e que creo que todos vivimos na inauguración desa exposición de Mario Granel na Pinacoteca, que se quedou pequena para visitar a obra dun artista que elixiu Vigo para vivir e para morrer.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que falamos da Pinacoteca e quero comezar alegrándome de que por fin o Sr. Relova fale dun gran emprazamento dun lugar inigualable, de algo fantástico a actual situación da Pinacoteca, porque lembro, cando iniciamos precisamente os traballos, as críticas que o Partido Popular nos votou en canto a esa Pinacoteca e ao emprazamento. Por outra parte Sr. Relova, comparar a Pinacoteca cunha hamburguesa a verdade cando menos a min parécese un pouco frívolo.

O tema da rede museística da nosa cidade merece cando menos dunha pausada reflexión, que en cinco minutos evidentemente non vai ser posible, pero merecería cando menos unha pausada reflexión.

É certo, o que recoñece o Sr. Relova, en canto ao esforzo que se fixo nos últimos anos nesta cidade, por dotar precisamente a Vigo dunha rede museística de calidade, e así o fixemos cando dende o Bloque Nacionalista Galego tiñamos a responsabilidade de Cultura e Patrimonio Histórico, así o fixemos, por que? Porque nos pensamos e cremos sempre que as infraestruturas culturais é algo moi importante para unha cidade, primeiro, para que sirvan como ensalzamento do que somos, do que temos ao longo da historia traballado en calquera eido que teña que ver coa arte da nosa cidade, pero tamén as infraestruturas culturais e todo o entorno cultural, son moi importantes para a creación do emprego e tamén como promoción turística da nosa cidade, promoción turística cultural que leve tamén a que nos traslademos por todo o mundo.

Pois ben, a potenciación desa rede museística, Sr. Relova, non pasa única e exclusivamente pola ampliación de horarios, que ás veces si son necesarias, pero non pasa única e exclusivamente pola ampliación de horarios. A potenciación da rede museística da nosa cidade pasa fundamentalmente por unha palabra clave que é a de coordinación, planificación e avaliación continua do que é precisamente esta rede museística.

Unha promoción que non se está facendo nestes momentos, nesta cidade temos hoxe algo que é realmente incontestable e increíble diría eu, temos un museo como o de Castrelos, temos todos o esforzos que se fixeron para a recuperación do noso patrimonio arqueolóxico no Castro, exactamente o mesmo en Toralla, temos a Pinacoteca, temos un Centro Galego e se fora pouca temos un Museo de Arte Contemporáneo e un Museo do Mar que ven coordinado tamén coa outra administración da Xunta de Galicia, todas estas pezas culturais se quitamos a Madrid e a Barcelona non teñen hoxe parangón no resto do Estado español. Pero que está faltando? Planificación, coordinación e sobre todo promoción desas instalacións culturais. Temos unha cidade capaz de competir culturalmente na súa rede museística, interpretativa, e na súa rede histórica con calquera outra cidade. Temos ademais unha Universidade coa que xa iniciáramos daquela contactos, onde se poden establecer incluso cátedras que teñan que ver precisamente con todos estes bens culturais que temos, coordinando esforzos, ampliando horarios tamén, pero sobre todo coordinando esforzos, planificando e promocionando estas infraestruturas culturais, que por desgracia cremos que hoxe adoece este Goberno municipal de facelo.

Polo tanto, nós imos apoiar esta moción, pero que nos queda corta, repito, eu o insto, Sr. Rodríguez Escudero, insto Sr. Relova, que ben merecería estes temas dunha pausa, dunha reflexión moi pausada porque realmente non podemos tirar pola borda un ben cultural en conxunto que ten a nosa cidade.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Sr. Relova hai un tema que como criterio previo deste diálogo quería deixar claro, non hai relación unívoca entre tempo de apertura dos museos con demanda ou frecuentación dos museos, excepto en sitios de referencia onde por ter algún tipo de icona ou unha colección moi marcada ou unha colección temporal realmente de valor recoñecido a nivel xeral, non hai unha relación

unívoca entre tempo de apertura dos museos e realmente frecuentación.

É evidente que eu podo estar de acordo en que fai falla ampliar os horarios. Non fai falla ir a Transilvania, hai un espacio expositivo en Vigo que ten un horario máis recortado que o noso, que é Fundación Caixanova e algún outro. Polo tanto invítoos a que non viaxe tan lonxe para ver que hai outras entidades máis potentes economicamente que teñen máis reducido o tempo de visitas.

Insístolle, non hai ningunha relación, e estou repasando polo interese que me merece esta proposta, estiven repasando con sumo coidado a relación entre espacio de tempo aberto e a frecuentación e non existe ningún agás que haxa un elemento icónico ou unha colección concreta.

Despois hai outra cousa que realmente elevamos a categoría cando realmente non deixa de ser unha anécdota e tampouco ten un valor, asumimos que a presenza de cruceiristas en Vigo aumenta a demanda de visitas, fixemos unha proba, por suposto moi limitada porque foi a primeira oportunidade, o 18 de outubro deste ano coa visita do Oasis of the Seas, e realmente houbo incremento de visitantes nos museos, pero paradoxicamente concretamente na Pinacoteca ás horas no que o cruceiro marchaba co cal, insisto en que é unha mostra moi pequena e que seguiremos ampliando e tendo precisamente en conta a proposta que fixo vostede, de flexibilizar horarios para adaptalos a un suposto fluxo que non existe.

Manteremos esa tutela e flexibilizaremos os horarios para adaptalos supostamente a ese maior fluxo, pero insisto non hai, porque vostede sabe igual que eu e o Sr. Domínguez, que o fluxo do perfil do cruceirista actual, poucas veces ten que ver cun perfil de selección cultural a priori. Entón neste contexto pos non hai unha relación unívoca entre cruceiristas e maior visitas. Xa lle digo que o tutelamos este ano nesta ocasión e o seguiremos facendo e flexibilizaremos os horarios para abrir os museos cando hai unha demanda supostamente de cruceiristas maior e ímolo seguir facendo.

Polo tanto, a nosa vocación é intentar flexibilizar os horarios, pero tamén é verdade que hai un custo de oportunidade que ten todo isto, ampliar horarios significa incremento de cartos, ampliar os horarios dúas ou tres horas dos museos actuais, dos espazos expositivos desta cidade, significa nada menos que ampliar o Orzamento en 100.000 euros, como mínimo, é loxicamente pos calquera medida dese tipo hai que ver se se corresponde cunha maior eficacia neste tema.

Por outra banda, vostede sábeo igual que eu, hai unha crise nestes momentos, xa non económica senón conceptual das visitas aos museos, porque hai un cambio de cultura e os museos ten que haber unha interrelación entre a obra e o usuario, e para iso fai falla dinamización, creatividade, oferta diferenciada que neste momentos, non só esta cidade senón moitas cidades non teñen, por esa liña avanzamos e por esa liña comprometémonos. Claro que imos ordenar os museos.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Eu non o comparei, “Deus me libre”, o museo cunha hamburguesa, é que eu creo que un pouco de ironía na situación de abandono, vostede é grande sabendo darlle a volta á tortilla das cousas, vostede cantar, vir aquí a dicir a sede vacante, pode facer chistes, pero os do Partido Popular parece que sufrimos atrofia mental e non podemos gastar chistes, ironías, etc. pos mire, non acabei a cita por respecto ao Sr. Rodríguez Escudero que é unha persoa extremadamente educada e sempre é correcto, pero fíxense que quería dicir como acababa a hamburguesa, pois cun tacto de plástico, cun brillo acrílico e dura como unha roca. Realmente ao mellor a ironía tería que acabala así por que despois de dous anos de presentar unha moción que se aprobou por unanimidade, despois de falar moitas veces tódolos directores dos museos de Vigo e o público están de acordo que é un horario pequeno, por iso parece que é duro como unha roca convencerlles.

Pero Sr. Rodríguez Escudero, vostede estaba o outro día no Marco cando o director informounos de que os días que había cruceiros había máis visitantes, incrementábase notablemente a afluencia.

Por outra banda, se un cruceirista ven nun barco e se mete en internet, que xa para atopar o horario xa custa un pouco na páxina do Concello de Vigo, e ve que abre as seis da tarde xa non se toma a molestia e eses horarios permanecen, non hai un aviso, unha fiestra aberta na páxina do Concello que poña “hoxe como ven o barco máis grande do mundo pois si que abriremos”, nin sequera iso. Creo que se equivoca e outra cousa que lle digo ao Sr. Domínguez, que falei de planificación, de coordinación, etc. de feito esa moción de hai dous anos, que non pasou nada como o tema da hamburguesa, resulta que falabamos diso dunha planificación e coordinación de tódolos museos, vostede si que o lembra, o Sr. Domínguez, non o lembra.

Entón, insisto, eu creo que se esqueceu, evidentemente estamos nun escenario político de crise e se vostede me di hai que subir 100.000 euros para que un museo amplíe o seu horario a verdade nos tempos que corren, asusta oír dicir iso, pero creo que debería haber un esforzo na coordinación, na planificación e ao mellor poderíase ampliar, porque vostede mesmo o viviu como eu, ata o Sr. Alcalde estivo super sentimental falando da colección de Mario Granel da Pinacoteca etc. e o público, o máis bonito daquel día é que as familias dos pintores, os amigos, os coñecidos, os visitantes, os anónimos, estabamos na Pinacoteca, e as persoas dicían “isto é un gran museo”, si señor por moito que critiquen.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.10.2014 (Rex. Nº 989/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(195).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A CREACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO PARA MAIORES DE 45 ANOS E FOMENTAR A SÚA CONTRATACIÓN NAS EMPRESAS, CONVENIOS E SUBVENCIONS. EXPTE. 990/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro de 2014, número 990/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte,

MOCIÓN:

“Somos conscientes de que o pleno emprego prometido no ano 2.007 polo Alcalde da nosa cidade non chegará, co cal nós dende o noso grupo, continuamos poñendo tódalas iniciativas e propostas necesarias enriba da mesa, para que Vigo estea onde ten que estar en materia de emprego.

Os/as maiores de 45 anos é un dos colectivos con máis dificultades na reinsertión laboral e un dos máis vulnerables entre as persoas que buscan un traballo. Non en balde, estas persoas representa o 44,5% dos parados de Galicia. Así que é para nós unha prioridade incentivar á contratación e o fomento do autoemprego, nesta franxa de idade, tanto para homes como para mulleres.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguintes acordos:

1. A creación dun plan de emprego para maiores de 45 anos.
2. Fomentar a contratación dos maiores de 45 anos nas empresas, nos convenios con entidades e nas diferentes subvencións.
3. Apoiar toda iniciativa empresarial e/ou de autoemprego.”

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Emprego e Participación Cidadá ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Este Plan de Emprego que hoxe propoñemos para maiores de 45 anos é unha proposta máis en positivo sen críticas nin enfrontamentos e con ánimo de sumar. Estas iniciativas deber ser para todos nós unha prioridade no noso traballo como responsables políticos, todos temos a alguén próximo maior de 45 anos ou menor sen traballo e dende logo, dende o Partido Popular non miramos e non miraremos cara outra banda nin cos mozos, como xa demostramos presentando un Plan de Emprego xuvenil, nin cos maiores, nin coas mulleres, nin cos menores, nin cos dependentes, nin coa poboación que mais o necesita, dende logo o Partido Popular estará ao carón destas persoas, porque o emprego é a mellor política de Benestar, e seguimos buscando o consenso ao igual que fixemos co noso Plan de Emprego xuvenil ou solicitando a redución de impostos municipais, o fin é moi claro, buscar acordos para solucionar problemas.

Esta semana vaise presentar en Madrid o informe da fundación FOESA de Cáritas

sobre exclusión e desenvolvemento social en España os datos non van ser alentadores, e en determinados ámbitos vinculados ao emprego xa se está falando dun término desgarrador, a figura da inempregabilidade para os maiores de 40 anos, para as persoas sen cualificación, para as persoas que traballaban no ramo da construción, os albaneis, os peóns, para as persoas que traballaban en comercios, para dependentes, para persoas que non teñen unha formación profesional, que non teñen un certificado de profesionalidade, que non teñen un apoio profesional nin de formación detrás. Esas son as persoas que conforman a figura do inempregable, persoas con cronificación no paro de longa duración e normalmente sen prestación, son maiores cun maior risco de exclusión social.

Este mesmo mes no debate do Estado da autonomía o presidente da Xunta de Galicia propoñía a creación dun Plan de Emprego para maiores de 45 anos, é unha proposta que se levará a cabo dende a Xunta de Galicia, queremos tomar as rendas e nós dende Vigo queremos impulsar esta medida, tamén na nosa cidade que é unha das que máis o necesitan de Galicia.

Temos unha gran responsabilidade á hora de enfocar os esforzos no noso servizo aos demais, de poñer tódolos medios necesarios para acabar con esta situación e que este termo de inempregabilidade non chegue a sentarse, cronificarse e a manterse na nosa cidade de Vigo.

O Alcalde prometera no ano 2007 o pleno emprego, dende logo sete anos despois cremos que é unha estupenda proposta e unha idea que sería utópica hoxe en día aínda que si moi acertada, pero sabemos que a realidade é que se triplicou o número de parados, Vigo xa ten actualmente a taxa máis alta de paro da súa historia, e hai cerca de 20.000 persoas menos afiliadas á Seguridade Social. Ao redor de 1.600 autónomos menos, pecharon preto de 2.000 comercios e o Goberno municipal desmantelou os servizos municipais de emprego e non falemos da xestión ante determinadas actuacións que leva a cabo.

Este último mes mentres que no resto da comunidade autónoma descenden os datos do paro, en Vigo increméntase sendo actualmente 31.638 persoas desempregadas, unha cifra demoledora; e un 44,5% desta poboación desempregada son maiores de 45 anos e son os que normalmente teñen menores ao seu cargo, que teñen que pagar o aluguer, a hipoteca, atender aos maiores, en fin os que manteñen unha vida e unha esperanza de futuro, pero a realidade é que

o teñen moi complicado.

Por iso empezo igual que acabei e a nosa idea dende logo é unir esforzos para este ben común que debe ser unha prioridade actualmente para todos e para todas.

SR. ALONSO PÉREZ: Imos ver se o digo con toda a claridade, o Bloque Nacionalista Galego non vai apoiar nunca unha proposta de emprego do Partido Popular porque é o principal responsable do desemprego coa súa política, isto é unha farsa continúa, o Partido que ten a responsabilidade nos ven aquí a chorar, o Bloque Nacionalista Galego non pode aprobar unha proposta do Partido Popular, Pleno tras Pleno tráennos Plan de Emprego para mulleres, para mozos/as, agora para maiores de 45 anos, pero se son vostedes os principais responsables desa situación porque quen ten a competencia en materia de desemprego é a Administración do Estado, o Goberno do Estado e o da Xunta de Galicia, e están gobernando os dous e nos veñen aquí continuamente con mocións deste tipo.

Efectivamente, tamén o Partido Socialista ten a súa responsabilidade porque cando gobernou no Estado empregou as políticas da Unión Europea e de Alemaña e sumouse aos recortes, ten esa responsabilidade. Pero cando entrou o Partido Popular o que fixo é continuar e afondar nesas políticas de austeridade, de recortes para a maioría social e de apoio á banca, ás eléctricas e ás grandes corporacións. Entón que nos veñan aquí Pleno tras Pleno con este discurso é terrorífico, é insoportable. Ademais, teñen no Goberno da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo, que nunca cumpre como presidente dos galegos/as en materia de emprego e se adica a facer propaganda e propaganda, entrou dicindo que remataba co desemprego en non sei canto tempo, e pasou do 9% ao 23% sendo el presidente, e fíxense que agora ata unha persoa como é o Secretario de ASIME, que non é un radical do Bloque Nacionalista Galego, nunha entrevista nun xornal de onte, pregúntanlle: “en menos dun ano, o seu discurso sobre a situación do naval ven cambiado radicalmente por que?” E el contesta: “non cambiou simplemente había unhas previsións para a industria naval que non se cumpriron. Estimabamos a creación de 1.400 empregos ao peche deste ano, sustentados en anuncios de contratos que ao final non se concretaron. A realidade é que o crecemento do emprego na construción naval non supera os 300 postos de traballo”. Propaganda, propaganda, en vez de atender ás demandas da sociedade, ás demandas que lle fai o Bloque

Nacionalista Galego no debate dos orzamentos da Xunta de Galicia deste ano, que propoñía un plan de emprego que investira nos sectores produtivos ou que atendera á petición da CIG dunha ILP, unha iniciativa popular, que nin sequera tiveron en conta para o debate. Isto é o que hai, o Partido Popular non tomou ningunha das iniciativas en materia de emprego que había que tomar, non quixo nacionalizar Novagaliciabanco cando máis do 90% era xa propiedade do FROB e permitiría que fluíse o crédito ás empresas e aos comercios, non quixo reducir os gastos militares, non eliminou as deputacións que traerían un incremento para o erario público de 477 millóns de euros para investir, non quixo tomar unha iniciativa de que as rendas máis altas foran as que soportaran a crise cunha reforma fiscal, non tomou ningunhas das medidas, e ademais os dous instrumentos políticos que teñen os gobernos, que son legislar e os orzamentos, ningún dos dous os puxo en función de combater o maior problema que ten a sociedade, para legislar o que fixo unha reforma laboral, para impedir que na negociación colectiva realmente os salarios atenderan ás demandas da sociedade, o que fixo foi recortalos e abaratar os despedidos. En materia de Orzamentos tanto da Xunta de Galicia como do Estado do ano 2015, continúan coa mesma política de austeridade, o único que fan é reducir o desemprego, os cartos, porque cada vez hai máis parados de larga duración e ademais recortar en Sanidade, o que si aumentan é en gastos militares casualmente.

O Bloque Nacionalista Galego con esta situación social e con 14.000 mozos/as que se tiveron que marchar de Galicia no último ano porque aquí non atopan futuro, non pode darlle o voto a unha proposta do Partido Popular porque eles son os principais responsables da situación de desemprego.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu vou a tratar de utilizar o mesmo ton pero non por iso podemos deixar de clarexar ou lembrar algunhas cuestións. A primeira é que o Partido Popular no Goberno do Estado fixo unha reforma do mercado do traballo que introduciu un modelo dual que o que provocou foi unha enorme precariedade do mercado de traballo e a depreciación salarial pero o que non conseguiu, que era o que nós prometían, era a creación de emprego, moi a contrario a destrución do emprego foi unha das consecuencias desa reforma laboral ademais da depreciación salarial.

Ademais, eu quérolle dicir ao Partido Popular, á Sra. García Míguez, que recentemente a semana pasada presentaron vostedes o anteproxecto de lei dos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2015, e quero lembrarlle que as competencias en materia de emprego tenas a Xunta de Galicia, non o Concello de Vigo. Pois ben, neses orzamentos a propia conselleira de Facenda recoñece que estes orzamentos están presididos pola prioridade do axuste, e a xente onde queda? Onde quedan as persoas? Porque non o priorizan para a loita contra o desemprego ou se comprometen co crecemento ou se comprometen co benestar, diso non falan vostedes para nada.

Pero ademais eu téñolles que lembrar que recentemente vostedes aprobaron unha Lei de reforma de facendas locais onde din que isto é unha competencia impropia dos concellos e que lle temos que pedir permiso se queremos facer algo en materia de emprego. Pois nestes orzamentos que vostedes presentan, na partida de promoción do emprego figuran 193 millóns de euros, sabe canto figuraba cando gobernaba o Partido Socialista en coalición? Figuraban nada máis e nada menos que 421 millóns de euros coa metade de desempregados/as, vostedes provocaron o dobre de parados/as, entre eles tres veces máis os/as maiores de 45 anos, e nos orzamentos para a promoción do emprego o resto, que é o que fai este goberno presidido por o Sr. Abel Caballero? Pois fai algo que é o que tiñan que facer vostedes e non fan, é dicir onde nós gobernamos como aquí en Vigo facemos políticas para que o impacto das políticas económicas negativas de vostedes, do Partido Popular, non mingüe a calidade de vida dos traballadores e das clases medias. O Sr. Abel Caballero e o seu goberno aproba orzamentos como o do 2014 que poñen en marcha plans de emprego de 5,4 millóns de euros, que fan que se cren 922 postos de traballo directos, pero ademais hai que engadirilles as políticas económicas “keynesianas” para investimentos de cartos públicos na construción de infraestruturas de obras, proxectos xeradores de centos de empregos, cousa que vostedes non están facendo, e nestes plans de emprego están incluídos os maiores de 45 anos.

Quérolles dicir, Sra. Míguez, que se informe porque está a funcionar moi ben o servizo de emprego, estanse desenvolvendo tódolos plans e a media das contratacións dos/as maiores de 45 anos é do 40%, e teñen a disposición súa tódolos contratos para que o poidan comprobar en directo, para que non veñan

aquí a falar de oídas.

Ademais téñolle que dicir outra cousa, Sra. Míguez, o Partido Socialista Obrero Español ten presentado ducias de iniciativas no Parlamento español para plans concretos de maiores de 45 anos e sabe o que fai o Parlamento español? Rexeitalas todos cos votos do seu partido, do Partido Popular, ao mellor é con eles a onde lle ten que levar a moción.

Polo tanto, atendidos perfectamente este goberno ademais como a creación de empresas con iniciativas locais de emprego o incremento de 100.000 euros para a creación de empresas de 50.000 a 150.000, taxa cero en terrazas e en licencias, mentres que vostedes o que están e a pechar empresas con expedientes de regulación de emprego tras expedientes de regulación de emprego.

Quen prometeu pleno emprego e que acababan co paro foi o Sr. Feijóo e o Sr. Rajoy, o Sr. Feijóo despois de seis anos nada e o Sr. Rajoy xa se ve o que fai.

Nos presentámoslle unha emenda de substitución, se non a aceptan votaremos en contra e votaremos a favor cando vostedes retiren a reforma laboral e fagan orzamentos onde figure o crecemento e a atención ás persoas que máis o necesitan.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Ao Bloque Nacionalista Galego quero dicirle referente do que acaba de dicir o Sr. Alonso, quería lembrarlle que o Partido Socialista pregouse ás políticas da Unión Europea e de Alemaña e vostedes apoiáronnos en Madrid, Sr. Alonso. Co tema da publicidade que se están dando en materia de emprego que é o único que fai a Xunta de Galicia, non é certo, dende logo a Xunta de Galicia tivo un investimento, non quería dar este datos pero obrígame a informalo, de aproximadamente, entre automoción, naval, diferentes programas de emprego, de cooperación, ao redor de 1.000 millóns de euros e a Deputación no ano 2013, 20 millóns de euros e neste ano 2014, 17 millóns de euros, con máis de 4.500 persoas contratadas. O Concello de Vigo 5,4 algo máis sempre se pode facer, Sr. Rodríguez Díaz.

Se vostede di que as competencias en materia de emprego as ten exclusivamente a Xunta de Galicia o que está dicindo é que o Alcalde mentía cando prometía no ano 2007 o pleno emprego, sabíano e vostede estalle dicindo que é un mentireiro porque non tiña ningunha competencia.

Unha vez máis que teña coidado co que di porque está desacreditando ao Alcalde da nosa cidade.

Por suposto que imos apoiar a emenda porque o Goberno de España o 29 de setembro de 2013, xa aparece reflectido este plan de emprego para maiores de 45 anos e a Xunta de Galicia acaba de informar que no debate do Estado da Autonomía a primeiros do mes de outubro o presidente da Xunta de Galicia informou que se vai levar a cabo, co cal como non imos apoiar algo que estamos facendo e que imos facer e que continuaremos nesta liña. Dende logo é unha pena que vostedes non poñan da súa parte para poder ter que xuntar esforzos e ter un camiño común nesta materia dende o Concello de Vigo e a nivel municipal e que tódalas iniciativas saian dende o Partido Popular á hora de crear un plan de emprego xuvenil, á hora de reducir impostos, de mellorar as axudas sociais e por suposto, á hora de apoiar aos maiores de 45 anos.

PRESIDENCIA: Rematado o debate procedemos á votación, a Sra. García non acepta a emenda de substitución do Grupo Socialista, polo tanto procedemos á votación da moción.

VOTACIÓN: Con doce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e catorce votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 15.10.2014 (Rex. Nº 990/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, cuxo texto

consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.4(196).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A INICIAR CONVERSAS COA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA ESTUDAR A POSIBILIDADE DE UBICAR O BARCO “BERNARDO ALFAGEME” NO MUSEO DO MAR DE GALICIA. EXPTE. 992/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro de 2014, número 992/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, formula a seguinte,

MOCIÓN:

Tendo coñecido a través dos medios de comunicación a intención do goberno municipal de proceder a colocar o casco do pesqueiro “Bernardo Alfageme” na rotonda do cruce da Avda. de Castelao e a Rúa Grove, e constatando a oposición popular que está a producir este anuncio; o grupo municipal do Partido Popular de Vigo propón ao goberno estudar unha nova ubicación onde se poidan acadar unhas mellores posibilidades de xestionar os atractivos patrimoniais, turísticos e didácticos do barco.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

"Instar ao goberno municipal a iniciar conversas coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para estudar as posibilidades de ubicar o barco “Bernardo Alfageme” no Museo do Mar de Galicia, co fin de non perder unha seña de identidade do noso patrimonio, rehabilitado coa intención de cumprir co seu destino didáctico."

Con data 20 de outubro de 2014, a Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE.-

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Como o motivo da moción e a nosa proposta sobre o

tema é coñecida e cada grupo manifestou publicamente a súa postura sobre cal debe ser o paradeiro final do Bernardo Alfageme, quero centrar a miña intervención en lamentar que o Goberno municipal non teña a máis mínima intención nin sensibilidade de rectificar sobre o traslado do Bernardo Alfageme á rotonda de Coia na Avenida de Castelao.

Cando se firmou a doazón deste patrimonio á cidade de Vigo, en marzo do ano 2000, polo tanto vai cumprir catorce anos dende que o Concello é propietario deste navío, nin don Fernando Romero López, doador, nin a Corporación municipal que por unanimidade aceptou a doazón, na que se conviña que o Concello aceptaba a doazón para a incorporación do buque Bernardo Alfageme ao Patrimonio histórico marítimo de Vigo coa finalidade do seu aproveitamento rural, pensaron que o seu destino final sería o dunha rotonda na cidade.

Pero non hai que remontarse catorce anos atrás, na actualidade calquera cidadá con sentido común á pregunta de se súa situación é a máis adecuada no museo Mar de Galicia ou na mencionada rotonda, responderían sen lugar a dúbidas e a equivocarnos que no museo do Mar de Galicia, en Alcabre, por iso pedimos que se reconsidere esta decisión. Por que se quere abortar a posibilidade de negociar coa Xunta de Galicia, propietaria do museo e da súa xestión, as posibilidades de que o Concello deposite o barco no museo de Alcabre e non na rotonda? Volve as andadas o Alcalde de non querer negociar nada coa Xunta de Galicia e moito menos doar un barco de pesca de mediados do século pasado cando ademais o Concello é patrón do Museo do Mar de Galicia. Isto chámase, segundo o Alcalde, facer cidade, pero contra natura e a calquera prezo, si, e dicimos a calquera prezo porque se o prezo que nos vai custar aos vigueses colocar o barco na rotonda, despois de todos estes anos, é dun millón de euros, habería que dicirlle ao Alcalde que para este final houbese sido máis barato encargarse a construción dun casco das mesmas dimensións en aglomerado.

Pero non só nos vai custar 275.000 euros o traslado dende o estaleiro á famosa rotonda, senón que ademais hai que incrementar esta contía en 75.000 euros que é o que vai custar a iluminación ornamental que realzará este barco. Hai que recoñecer que situar o casco na rotonda non representa ningún perigo para os nenos, porque nin se poderá acceder a el nin corre o risco de que saia navegando en medio dos coches porque será un barco sen motor, todo un despropósito. Aínda

que para o Partido Socialista a culpa da situación, como sempre, é do Partido Popular, nós deixamos fundir o barco, díxoo o Sr. Abel Caballero hai uns días, hoxe temos que lembrarlle que dende que el é Alcalde, e suma case sete anos e medio, o único que fixo foi varar o barco a un estaleiro e logo máis tarde telo amarrado nun peirao de Bouzas, onde se podía ver como envellecía converténdose cada día que pasaba nun barco fantasma que se deterioraba e corría grave risco de afundimento.

Ningún argumento dos expostos ata a data, incluímos tamén o artigo da Sra. Silva que non sabemos que quería dicir, para avalar este traslado recolle o espírito polo que tanta xente se manifestou en público e en privado defendendo o valor histórico patrimonial e didáctico dun barco dos que xa non quedan en Galicia, peza singular é única para o coñecemento da historia da pesca e a construción naval de Vigo, máis grave é aínda pensar quen pagará o gasto que supoña retirar o barco da rotonda cando en aplicación do contemplado no Plan Xeral que o Sr. Caballero aprobou, se inicie a construción do dobre túnel previsto na Avenida de Castelao. Hai que lembrar aquela posibilidade tamén feita no 2008, onde neste caso os partidos Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista na Xunta de Galicia rexeitaron a posibilidade de que esta barco fose albergado nas instalacións do Museo do Mar.

Hoxe o Partido Socialista quere fundir a posibilidade de que o Bernardo Alfageme poda ser visitable nas instalacións do Museo do Mar de Alcabre. O Capitán do barco, Abel Caballero, un despropósito para que o Partido Popular pide se remedie esta situación, por isto presenta esta moción para que os vinte e sete corporativos poidan valorar se é conveniente ou non ver esa posibilidade de que o Museo estea nun lugar digno e non se converta nun lugar dunha das rúas de Vigo.

PRESIDENCIA: Efectivamente a miña titulación náutica permitiríame ser capitán dun barco desas características, non dun barco grande porque non teño ese título, pero si me permitiría levar un barco desas características.

SR. ALONSO PÉREZ: Creo que dende a doazón do ano 2000, gracias á sensibilidade de distintos concelleiros/as que houbo na corporación, a Sra. Carmen Corbalán, Sra. Elena Maure e o Sr. Eudosio, chegou o barco hoxe e a día de hoxe temos este

debate senón nin existiría, e creo lembrar que ademais no ano 2005 o Partido Socialista votou en contra dunha partida para a recuperación do barco.

Eu se me permiten creo que moito mellor co que podo facer eu o que significa o Bernardo Alfageme, quero dar lectura a un libro precioso de estética e de texto que é “Bouzas, olladas salgadas” de dona Puri Pérez Leirós e de dona Elena Frutos, que fala do Alfageme, prefiro que sexan elas as que falen do que significa este moto pesqueiro, “o moto pesqueiro Bernardo Alfageme, o barco, foi construído nos estaleiros Hijos de J. Barreras, e entregado a Antonio Alfageme neto do patriarca no ano 1944, é un moto pesqueiro para a pesca de arrastre con casco Mein Ford, en aceiro remachado de 27,5 metros de eslora, 167 toneladas de rexistro bruto e porta un motor de Barreras de 330 cabalos de forza. Pertence á serie estándar Barreras, dende a súa botadura fixo infinidade de mareas, en especial no emblemático caladoiro do Gran Sol, cunha tripulación de 14 persoas o buque tiña capacidade para facerse ao mar con 65 toneladas de gasóleo, 70 de xeo e sal, tres de víveres, 17 de auga potable, nas súas neveiras podía almacenar ata 70 toneladas de peixe. Antonio Alfageme integraría os seus buques en Moto Pesqueira Reunidos de Altura-Mar, agrupación constituída en 1939 que ofrecía aos seus socios xeo, almacéns frigoríficos, aproveitamento de produtos, servizos de xestión e administración de buques, etc., Mar foi iniciada por don Gaspar Massó, Antonio Alfageme, Javier Sensat, Eugenio Fadrique e outros armadores e conserveiros galegos co fin de velar polos seus intereses pesqueiros. Chegou a contar con máis de 70 buques, unha das flotas máis importantes de Europa. O Bernardo Alfageme foi dado de baixa no ano 1998, e legado ao Concello de Vigo no ano seguinte, dende entón é obxecto dun programa de rehabilitación”. Primeiramente o Concello quería restauralo só por fora e chantalo en terra, cerca do mar, a modo de maceta, o resultado sería máis unha escultura que a recuperación dun elemento histórico. Máis tarde pénsase que debería navegar e ser visitable, polo que o lugar idóneo sería un embarcadoiro no Museo do Mar. Neste museo, baixo a dirección de don Pablo Carrera, deseñase un plan integral de restauración no que o buque conservaría a disposición orixinal dos camarotes, cociña, retrete e motor, e que informaría nas condicións nas que traballan os mariñeiros nos anos 40, apoiados con cheiros, son e voces dos mariñeiros que relatarían as súas historias de vida, no arriscado caladoiro de Gran Sol, no interior conservaríase a configuración orixinal do estiba do peixe, na zona

máis a proa, mentres que o resto sería aproveitado como sala que reflectise a construción naval en Vigo e a vida nos caladoiros de altura. Máis o artificioso peirao do Museo do Mar, ten moi pouco calado e o Museo non pode asumir o custe das obras para o seu acollemento. O único barco de pesca de altura da primeira metade do 20 que se conserva a día de hoxe, o que o converte nun elemento moi destacado do patrimonio marítimo industrial de Galicia. A posta en valor de patrimonio marítimo é unha cuestión prioritaria, por razóns de identificación cos cidadáns nos seus sinais de identidade, Galicia é a comunidade autónoma de España onde o patrimonio marítimo pesqueiro resulta máis relevante. A conservación do patrimonio axudaría á mellor comprensión do pasado, o patrimonio marítimo e polo tanto, un elemento de identidade de primeira orde por razóns educativas cara as novas xeracións como recoñecemento da labor que realizaron mulleres e homes que traballaron e traballan nun sector que é piar básico da economía da cidade, e tamén por razóns turísticas, o Concello que é o propietario legal do Barco é quen debe decidir que fai con el, pero Bernardo Alfageme é patrimonio de todos/as, e sería unha mágoa que finalmente o “ferruche” acabara con el.

Eu, para rematar, quero dicir o que o Bloque Nacionalista Galego imos votar a favor da moción e que o sitio do barco non é chantalo en Coia como unha maceta, iso non é o sitio do Bernardo Alfageme. Ademais dicirlle ao Alcalde, que sempre critica A Coruña, que o peor de todo é que vai imitar A Coruña que ten un barco na entrada da cidade. Realmente é un despropósito absoluto.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Moitas gracias Sr. Presidente por darme a palabra e moitas gracias por tomar a decisión de que o Alfageme se converta nunha icona desta cidade. Que falen os que deixaron que se afundise este barco, non unha vez senón dúas, que ao afundirse este barco se destrúise todo o patrimonio do seu interior, os camarotes, as pasarelas, os motores, as instalacións, toda aquela madeira que tiña este barco porque como vostedes saben toda esta madeira mergullada dúas veces no Porto de Vigo destruíuse e nestes momentos o único que temos no interior do barco é este “ferruche” como dicían os responsables do Bloque Nacionalista Galego. Temos este “ferruche” froito das condicións que os que gobernaron esta cidade con anterioridade non foron capaces de resolver este

problema, gracias Alcalde por converter ao Alfageme nun fito e nunha icona desta cidade, porque pronto será unha das iconas desta cidade. Como di un poeta do noso tempo, se o Partido Popular gobernase esta cidade o Alfageme duraría o que duran dous peixes de xeo nun whisky on the rock e a canción e o poema segue de Joaquín Sabina dicindo “en vez de finxir”, en vez de finxir póñanse a traballar por esta cidade e a colaborar nesta cidade. A madeira completamente podre, pola súa xestión, o “ferruche” invadindo o barco, pola súa xestión, porque afundiuse no propio porto, que vergoña, vergoña para todos, pero tamén din que se amarre no Museo do Mar, non saben vostedes que o calado do Museo do Mar non permite cun barco destas características poida amarrarse, poda fondear aí, pero non o saben vostedes? Eu dígolles máis, que queren que voemos as rocas que están aí no Museo do Mar? Pero xa sabemos que no Partido Popular a conciencia medio ambiental a súa conciencia polo medio ambiente e polo patrimonio, tanto cultural como natural da cidade, non lles importa demasiado.

Queremos que o Alfageme se vexa, queremos que o Alfageme se coñeza nesta cidade, porque ata agora estaba escondido, cando o tiñan vostedes no fondo do mar pódolles dicir que os cidadáns de Vigo non o vían. Quitámolo a un sitio onde leva oculto máis de 14 anos, porque o barco, o fermoso que ten, porque agora por dentro como víamos nas fotos está destruído na súa estrutura, a súa ponte, a súa figura, historia, a tradición desta cidade, a tradición dun barrio de Coia de mariñeiros/as, do mundo da conserva e do mar.

Nós, o Alcalde, quere que os museos estean na rúa, quere que os museos, a cultura e o arte o gocen tódolos veciños, por iso o Alcalde quitou os cadros á rúa, se van vostede por Pintor Colmeiro poden ver cadros na rúa, pero seguiu quitando cadros á rúa e vai poñer un mural de Nelson Villalobos na rúa, para que a xente o vexa. Pero outro de Pulido nun encontro de rúas na zona de Peniche, podemos ver se nos asomamos á fiestra a escultura de Silverio Rivas, porque o arte e a cultura tena que gozar tamén o pobo e ten que estar ao alcance de todos e na rúa.

Por iso queremos poñer este barco na rúa, nas rúas da cidade, non temos nada na cidade que lembre a súa historia de mar, mariñeira, orixe desta cidade, iso é o que chamamos facer unha homenaxe ás mulleres e aos homes do mar, a nosa historia, o que lle molesta a vostedes é que se faga en Coia, o que lles molesta a vostedes é que se faga nun dos barrios máis populosos da cidade, porque cando vostedes

gobernaron o investimento en Coia era cero, nós transformamos o barrio de Coia, humanizamos tódalas súas rúas, instalamos novas instalacións deportivas neste barrio, vostedes non fixeron nada. Cando nós comezamos a traballar en Coia, cando este Alcalde comezou a traballar en Coia, atopámonos que tiñamos que ir ao anos 90 cando era Alcalde o Sr. Soto nesta cidade para ver a última obra neste barrio de Vigo. Vostedes cando gobernan abandonan o barco, e ao mellor o que lles preocupa e o que lles molesta é iso.

Que non entenda o Sr. Bernárdez o artigo da primeira Tenente Alcalde deste Concello, pois a verdade é que non nos estraña, estaba claro, queríamos facer unha homenaxe ás mulleres e aos homes do mar, queríamos facer unha homenaxe a nosa cultura, a nosa tradición e iso era o que dicía o artigo. Boga, boga Vigo, boga, boga o barco Alfageme, boga, boga mariñeiro.

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: A ver se aproveito ben os tres minutos porque gustaríame dicir o que teño na mente, en primeiro lugar agradecer a intervención do meu compañeiro o Sr. Alonso, e ao Sr. Regades dicirlle soamente unha cousa, acaba de demostrar o seu descoñecemento e a súa incultura sobre como se conservan os barcos nos grandes museos marítimos do mundo mundial, se vai a Xénova comprobará que hai tres galeóns no interior do museo, o barco non ten porque estar nunha lámina de auga, aplausos de verdade para a defensa do Bernardo Alfageme en Coia.

Dito isto, dous detalles, Sr. Alcalde, coñezo a súa titulación marítima pero tamén coñezo que é propenso a marearse, por iso non debe ser un capitán moi fiable á hora de conducir o barco.

Igual que mencionou á Tenente Alcalde, a Sra. Silva, o meu compañeiro o Sr. Fidalgo, quero dicirlle que vostede tamén é un cara dura, con todo o cariño e respecto, pero sabe por que? Miren vostede señores do Partido Socialista e mire vostede Sr. Alcalde, o 16 de outubro en Faro de Vigo vostede dicía en titulares apostillado, “agora falan do Alfageme quen deixaron fundilo e que se pudriran no seu interior”, critican o patético esquecemento que sufriu o barco cando gobernaba o Partido Popular, isto é mentir e difamar, porque en maio de 2007 un técnico municipal dicía nun informe, “o día 5 de xaneiro de 2003, tras fortes temporais o barco tivo unha vía de auga, mentres estaba atracado e afundiuse” gobernaba en

Vigo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, mentireiro. Pero dígolle máis, o 15 de abril do 2005 levouse a sesión plenaria unha modificación de crédito onde contaban 275.000 euros para reparar o Bernardo Alfageme, votaron o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, dezanove votos a favor, votou en contra o Partido Socialista, Sres. Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro, García, Ruíz Ceniceros e o Sr. Lourido, o Partido Socialista, quen deixou afundir o Bernardo Alfageme no estaleiro e en Bouzas? O Partido Socialista, vostedes que rescatan agora mesmo? Un barco sen motor? O motor onde o van levar? Non me estraña que dentro duns días vostedes propoñan que un VITRASA se sitúe nas Illas Cíes, vostede dentro duns días van propoñer que a Panificadora se despece, se trocée e se leve a rotondas, que están recoñecendo? A nefasta xestión que teñen en Xardíns, necesitan levar obxectos ás rotondas porque aínda por enriba desprestixian o seu traballo, non están de acordo co que se inviste en xardinería na cidade, fanse mal as cousas e esta é a escultura que vostedes queren? Non me estraña que o meu compañeiro o Sr. Relova teña permanentes e brillantes intervencións sobre este tema. Os museos na rúa para que? Pídanlle a señora ministra un vagón para outra rotonda.

PRESIDENCIA: Non é mala idea, esta idea final foi o único que me gustou de todo o que dixo, poderíamos poñer un vagón nalgún sitio, non é mala idea. De todo o que dixo o Sr. Bernárdez quédome con todo isto. Ir preparando unha carta que imos pedir un vagón.

PRESIDENCIA: Xa verá como lles gusta moito o barco no sitio onde vai estar.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero,

Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 15.10.2014 (Rex. Nº 992/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Bernárdez de Dios, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(197).- ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. PÉREZ DAVILA, RELATIVO Á RELACIÓN DE GRAVACIÓNS FEITAS NO ESTUDO DE GRAVACIÓN VIGOSÓNICO.

SR. PÉREZ DÁVILA: No último Pleno formulei unha pregunta á concelleira de Xuventude e á vista de que non se poden realizar gravacións dentro do estudo de gravación de Vigosónico, segundo nos indican os propios usuarios e o persoal, xa que as gravacións existentes non son feitas no estudo senón en concertos e actividades en directo noutros espazos. Na resposta incompleta da concelleira indica que se fixeron dentro do Estudo Vinte Gravacións o que corrobora que a concelleira leva ano e medio mentindo. Por isto solicitamos a concellería de Xuventude de forma urxente, unha relación das gravacións feitas exclusivamente dentro do estudo de gravacións de Vigosónico.

PRESIDENCIA: Pídao por escrito. Podía habela pedido por escrito e se lle entrega, pero en todo caso tomamos nota.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se realizaron.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.